



PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL

CURSO 2022 – 2023



INDICE

CAPITULO Nº 1. PLAN XERAL ... 4

- 1.1. Datos do centro educativo ... 4
- 1.2. Organización do centro ... 4
 - 1.2.1. O equipo directivo ... 4
 - 1.2.2. A Comisión de Coordinación Pedagóxica ... 5
 - 1.2.3. Equipos de traballo ... 6
 - 1.2.4. Alumnado ... 8
 - 1.2.5. Profesorado ... 9
 - 1.2.6. Persoal non docente ... 10
- 1.3. Obxectivos específicos para o curso ... 10
- 1.4. Actuacións e medidas a desenvolver para a súa consecución ... 11
- 1.5. Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan ... 17
- 1.6. Seguimento e avaliación. Indicadores de Logro ... 19

CAPÍTULO Nº 2. DOC ... 23

- 2.1. Horario xeral do centro ... 23
 - 2.1.1. Horario lectivo do centro ... 23
 - 2.1.2. Horario dos servizos e instalacións do centro ... 24
 - 2.1.3. Horario non lectivo ... 25
 - 2.1.4. Horario en períodos non lectivos ... 25
- 2.2. Organización dos servizos complementarios ... 26
 - 2.2.1. Servizo de comedor escolar ... 26
 - 2.2.2. Servizo de transporte escolar ... 27
- 2.3. DOC – XADE (en documento aparte) ... 28



CAPÍTULO Nº 3 PROXECTOS E PROGRAMAS... 29

- 3.1. Programación anual de actividades complementarias e extraescolares ... 29
- 3.2. Proxecto lingüístico ... 40
- 3.3. Programa de actividades do equipo de dinamización da lingua galega ... 45
- 3.4. Plan Dixital ... 48
- 3.5. Programación anual de lectura. Biblioteca escolar ... 49
- 3.6. Proxecto lector. Club de lectura ... 78
- 3.7. Plan anual de atención á diversidade ... 83
- 3.8. Plan de igualdade entre home e mulleres ... 96



CAPITULO Nº 1. PLAN XERAL

1.1. DATOS DO CENTRO EDUCATIVO

DATOS DO CENTRO	
NOME DO CENTRO	IES AGRA DE LEBORÍS
CÓDIGO	15027654
ENDEREZO	Rosalía de Castro S/N
CONCELLO	A Laracha
PROVINCIA	A Coruña
CÓDIGO POSTAL	15145
TELÉFONOS DE CONTACTO	881880676
CIF	Q-6550030H
ENDEREZO ELECTRÓNICO	ies.agra.leboris@edu.xunta.es

1.2. ORGANIZACIÓN DO CENTRO

1.2.1 O equipo directivo

DIRECTORA	Marta de Jesús Martínez Suárez
XEFA DE ESTUDOS	Susana Fernández Louro
VICEDIRECTORA	María Isabel Dobaño Torrón
SECRETARIO	José González Mancebo



1.2.2. A Comisión de Coordinación Pedagóxica

MEMBROS DA CCP	
Directora	Marta de Jesús Martínez Suárez
Xefa de estudos	Susana Fernández Louro
Xefa do Dto. de Orientación Educativa	Begoña Villar Martínez
Especialista en Pedagogía Terapéutica – 1	José González Mancebo
Especialista en Pedagogía Terapéutica – 2	Carla Armesto Martínez
Especialista en Pedagogía Terapéutica – 3 compartida co CEIP de Caión	Ana Sánchez Schwellenbach
Dinamización TIC	Tomás Roibás Fraga
Coordinación EDLG	Ana M ^a Rodríguez Ríos
Coordinación de Biblioteca	Sonia Gay Sánchez
Xefa do Dto. de Economía	María Beatriz Chao Polo
Xefa do Dto. Tecnoloxía	M ^a Cristina Ureta Guzmán
Xefa do Dto. Xeografía e Historia	Carlos López Domínguez
Xefa do Dto. Música	Irene Añón Lijo
Xefa do Dto. Matemáticas	M ^a Olaya Fernández Rodríguez
Xefa do Dto. Latín	M ^a Jesús Méndez Nóvoa
Xefa do Dto. Lingua Castelá e Literatura	Begoña Potente Valcarce
Xefa do Dto. Lingua Galega e Literatura	Ana Cordeiro Souto
Xefe do Dto. Inglés	Stella Joy Esterson
Xefa do Dto. Francés	Fabián Otero Rabuñal
Xefe do Dto. Filosofía	Hugo Rey Nieto
Xefa do Dto. Relixión	Gloria Fernández Fernández
Xefa do Dto. Educación Plástica e Visual	Tomás Roibás Fraga
Xefa do Dto. Educación Física	Isabel M. ^a Abad Vázquez
Xefa do Dto. Física e Química	M. ^a Esther Fernández Rey
Xefa do Dto. Bioloxía e Xeoloxía	María J. Rey Vilas



1.2.3. Equipos de traballo

EQUIPO DA BIBLIOTECA	
Coordinación	Sonia Gay Sánchez
María Jesús Méndez Nóvoa	
Ana María Rodríguez Ríos	
María Josefa Rey Vilas	
Silvia Lugilde Bermúdez	
María Garrote Recarey	

EQUIPO PROXECTO LECTOR	
Coordinación	Ana M. ^a Rodríguez Ríos
(En coordinación cos xefes/as dos departamentos didácticos e a coordinadora da biblioteca)	

RESPONSABLE TIC	
Coordinación	Tomás Roibás Fraga
Colaboradores: M ^a Cristina Ureta Guzmán María del Carmen Calo Fondo	
Equipo directivo	
Departamentos didácticos	

EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA	
Coordinación	Ana María Rodríguez Ríos
María Josefa Rey Vilas	
Carlos López Domínguez	
Ana Cordeiro Souto	



EQUIPO DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES	
Coordinación	M ^a Isabel Dobaño Torrón
Xefes/as dos Departamentos Didácticos	

EQUIPO DA SECCIÓN BILINGÜE	
Coordinación	Marta M ^a Viña Vilanova
Irene Añón Lijo	
Tomás Roibás Fraga	

EQUIPO DE TITORES/AS	
Coordinación	Xefatura de Estudos
1º ESO A	María del Carmen Calo Fondo
1º ESO B	María Garrote Recarey
1º ESO C	Daniel García Aguión
1º ESO D	Gloria Fernández Fernández
2º ESO A	Carmen López Barreiro
2º ESO B	Rosa M. ^a Mallo García
2º ESO C	María Xosé García García
2º ESO D	Montserrat Rey Saa
2º ESO E	Juan Pablo Fernández Facal
3º ESO A	David Núñez Túñez
3º ESO B	Marta M. ^a Viña Vilanova
3º ESO C	María Isabel Fariña Casas
3º ESO D	M. ^a del Pilar Crespo Amado
4º ESO A	Andrea Trasancos Pantín
4º ESO B	Cristina Fernández Santomé



EQUIPO DE TITORES/AS	
4º ESO C	M. ^a Beatriz Chao Polo
1º Bacharelato A	Stella Joy Esterson
1º Bacharelato B	Fabián Otero Rabuñal
1º Bacharelato C	Hugo Rey Nieto
2º Bacharelato A	María J. Rey Vilas
2º Bacharelato B	Olaya Vidal Torres

1.2.4. Alumnado

O alumnado matriculado no noso centro, no curso actual, conta cun total de 520 alumnos/as, distribuídos da seguinte maneira:

ETAPA	CURSO	Total alumnado	
ESO	1º	96	394
	2º	118	
	3º	102	
	4º	78	
BACHARELATO	1º	74	126
	2º	52	
TOTAL		520	

Neste curso aumentou a matrícula en 5 alumnos/as respecto do curso pasado. O aumento deste alumnado prodúcese sobre todo nos cursos de 2º e 3º da ESO. O aumento da ratio e a limitación dos espazos nas aulas fai necesario solicitar desdobrar 2º da ESO.

Durante o curso poden darse máis casos de alumnado novo, de incorporación tardía ao sistema educativo ou por cambio de centro educativo.



1.2.5. Profesorado

O profesora do noso centro é na súa maioría con carácter definitivo. A relación de profesorado se distribúe do seguinte xeito:

CORPOS	DEPARTAMENTOS	TOTAL
MESTRES/AS	Lingua Castelá e Literatura (1)	3
	Pedagogía Terapéutica (2)*	
PROFESORADO DE ENSINO SECUNDARIO	Lingua Galega e Literatura	4
	Lingua Castelá e Literatura	3
	Matemáticas	5
	Xeografía e historia*	3
	Lingua Estranxeira – Inglés	3
	Tecnoloxía	3
	Bioloxía e Xeoloxía	3
	Lingua Estranxeira - Francés	3
	Física e Química	2
	Música	1
	Educación Plástica e Visual	2
	Educación Física	2
	Economía	1
	Filosofía	2
	Latín	1
Relixión*	2	
Orientación Educativa	2	
TOTAL		45

***Observacións:**

Unha 3ª especialista en PT compartida co CEIP de Caión.

Un profesor de Relixión está compartido con CPI O Cruce de Cerceda.

Un profesor de Xeografía e Historia está liberado sindicalmente.



1.2.6. Persoal non docente

O centro educativo conta actualmente co seguinte persoal non docente:

Persoal de administración	Unha auxiliar administrativa
Persoal de conserxería	Dous conserxes
Persoal de limpeza	Tres persoas.
Persoal da cafetería	Si
Auxiliar de conversa	Si

1.3. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS PARA O CURSO

- Revisar, actualizar e difundir os documentos de centro segundo a normativa vixente e a realidade educativa, sobre todo adecuando e incrementado a utilidade dun **proxecto educativo e funcional**, e favorecendo a participación de toda a comunidade educativa. Elaborar, difundir e desenvolver o plan de mellora do centro segundo as necesidades actuais cos cambios na normativa vixentes.
- Desenvolver e avaliar o **plan dixital do centro** segundo as necesidades do centro coa participación de toda a comunidade educativa e dentro do plan de formación permanente do profesorado. Favorecer a creación de recursos didácticos dixitais.
- Difundir e desenvolver as instrucións respecto das recomendacións xerais para a **xestión da Covid19** no ámbito educativo para o curso 2022-2023.
- Fomentar a **educación e formación para a igualdade**, segundo a Lei 7/2004 ega para igualdade de oportunidades entre home e mulleres, como un reto da comunidade educativa.
- Potenciar a **orientación persoal, académica e profesional** de todo o alumnado, segundo as etapas educativas, dende a transición da educación primaria á da secundaria.
- Favorecer unha **educación inclusiva de calidade**, desenvolvendo o máximo das capacidades do noso alumnado e respectando a súa diversidade mediante o



deseño e aplicación de procedementos sistemáticos e axeitados ás necesidades específicas de apoio educativo.

- Promover a **formación permanente do profesorado**, coa participación en diversos proxectos de innovación educativa e dinamizando procesos de reflexión e mellora, en especial na liña de dinamización das TICs.
- Mellorar o desenvolvemento de **actividades de titoría coas familias** do alumnado, a nivel tanto individual como colectivo, coa formación en temas de interese (en especial o correcto uso das redes dixitais) para os seus fillos/as.
- Difundir as actividades do centro educativo, centradas no relativo a educación dixital e uso das tics, o plurilingüismo e na participación en programas internacionais cando sexa posible.
- Mellorar as dotacións e recursos dixitais do centro, a eliminación das barreiras arquitectónicas, garantindo as normas básicas de seguridade.

1.4. ACTUACIÓNS E MEDIDAS A DESENVOLVER PARA A SÚA CONSECUCIÓN

Os documentos de centro	
Revisión, adecuación e actualización	
Obxectivos específicos	Actuacións/Medidas/tarefas
Adaptar o Proxecto Educativo e funcional (PEF) e outros documentos de centro ao novos marcos normativos.	Revisión dos contidos segundo normativa vixente. Adecuación dos contidos á realidade do centro. Adaptación dos proxectos segundo os protocolos de adaptación ao contexto covid-19.
Elaborar un procedemento de seguimento do PEF e outros documentos de centro, e de participación da comunidade educativa.	Elaboración de procedemento segundo sectores da comunidade educativa. Solicitude dun grupo de traballo para a elaboración e difusión dos documentos de centro, sobre todo centrado no Proxecto de promoción de estilos de vida saudables e o Proxecto dixital. Participación dos distintos sectores creando comisións.



Revisar o PEF respecto do desenvolvemento curricular.	Revisión do PEF. Concreción disto respecto dos novos currículos.
Difundir e manexar o PEF e outros documentos de centro.	Difusión do PEF en distintos formatos. Manexo do PE dende distintos formatos. Publicación.

Plan de Igualdade Educación e formación para a igualdade A igualdade no currículo	
Obxectivos específicos	Actuacións/medidas/tarefas
Impartir os currículos de acordo á Lei, evitando estereotipos de papeis entre os sexos, ou dunha imaxe de dominación dun sexo sobre outro.	Revisión dos currículos da ESO e de Bacharelato (Decreto 156/2022 e Decreto 157/2022) Enriquecemento dos contidos con contribucións ao coñecemento realizado por mulleres. Deseño de dinámicas de traballo co alumnado.
Fomentar vocacións femininas nas áreas nas que estean menos representadas e viceversa, tomando decisións sen prexuízos.	Celebración do día da prevención da violencia de xénero. Celebración do Día da muller. Traballo sobre o papel da muller na sociedade actual.
Fomentar a erradicación das actitudes sexistas nos distintos ámbitos da sociedade, sobre todo nas familias e as labores domésticas.	Charlas aos alumnos/as. Charlas ás familias. Concreción e aplicación no Plan de convivencia.
Erradicar calquera tipo de desigualdade e discriminación, sustentadas en crenzas, prexuízos e tradicións	Charlas aos alumnos/as. Charlas ás familias. Aplicación do Plan de convivencia.



Concretar no Plan de Convivencia e nas Normas de Organización e Funcionamento das medidas de educación e corrección de condutas sexistas.	Concreción e aplicación no Plan de convivencia.
---	---

Orientación persoal, académica e profesional en todas as etapas, dende a educación primaria á educación secundaria

Obxectivos específicos	Actuacións/medidas/tarefas
Desenvolver a orientación tutorial conforme ao Plan de Acción Tutorial do centro.	Charlas orientativas a alumnado e familias. Sesións de tutoría. Uso do programa Orienta. Experiencias con ex-alumnos/as.
Desenvolver a orientación académica e profesional segundo o Plan de Orientación Académica e Profesional do centro.	Xornadas de portas abertas (presenciais e/ou virtuais). Charlas en centros da contorna da nosa oferta educativa. Edición vídeos informativos.
Establecer protocolos de atención adaptados as necesidades persoais, académicas e profesionais.	Fichas de recollida de información do alumando para asesoramento. Consello Orientador na ESO.

Educación inclusiva e atención á diversidade como indicador de calidade

Obxectivos específicos	Actuacións/medidas/tarefas
Desenvolver o PXAD, promover medidas que garantan a atención á diversidade co aumento de alumnado con NEAE	Elaboración e difusión de dossier de medidas de atención á diversidade. Elaboración e difusión de dossier de NEAE e protocolos segundo a CEFP.



	<p>Programa de reforzo educativo.</p> <p>Programa de AC e apoio de PT.</p> <p>Protocolos específicos (alerta escolar, risco suicida, atención domiciliaria, dislexia, déficit de atención...)</p>
Mellorar os protocolos de actuación para a coordinación do profesorado	<p>Reunións periódicas de coordinacións entre profesorado.</p> <p>Modelo de información dos apoios do profesorado.</p> <p>Modelo de información de cambios de medidas do profesorado.</p>
Mellorar os protocolos de actuación coas familias.	<p>Reunións periódicas coas familias.</p> <p>Modelo de información dos apoios ás familias.</p> <p>Modelo de información de cambios de medidas ás familias.</p>

Formación permanente do profesorado e innovación educativa	
Obxectivos específicos	Actuacións/medidas/tafas
Favorecer a formación permanente do profesado.	<p>Aplicación de ficha de recollida de datos de cursos de formación.</p> <p>Coordinación coa asesora do CFR.</p> <p>Grupos de traballo ou Seminarios centrados nas liñas de competencia dixital e competencia en innovación e investigación.</p>
Propoñer grupos de traballo de innovación educativa.	<p>Reunións de coordinación.</p> <p>Charlas de expertos.</p> <p>Traballo individual e en grupos.</p> <p>Difusión en distintos formatos.</p>
Formar un grupo de traballo para deseñar protocolos dixitais para os documentos de centro	<p>Reunións de coordinación.</p> <p>Charlas de expertos.</p> <p>Traballo individual e en grupos.</p> <p>Difusión en distintos formatos.</p>



Os novos retos educativos do centro

Educación dixital, plurilingüismo e programas internacionais

Obxectivos específicos	Actuacións/medidas/tarefas
Implementar e avaliar o Plan dixital de centro. Reforzar a educación dixital en todas as etapas educativas e a nivel de centro	Implementar e avaliar do plan dixital de centro coa formación dun grupo de traballo, dentro do PFPP na liña de competencia dixital. Mantemento dos recursos informáticos e rede. Mellora dos recursos a nivel de aula e de centro. Formación do alumnado, profesorado e familias en competencia dixital.
Desenvolver a competencia comunicativa con programas de plurilingüismo en linguas maternas e estranxeiras.	Deseño do programa. Difusión do programa. Desenvolvemento, Seguimento e avaliación. Creación dunha comisión.
Reforzar os programas internacionais para o alumnado e o profesorado	Deseño do proxecto. Difusión do plan. Desenvolvemento, Seguimento e avaliación. Creación dunha comisión.

A oferta educativa do noso centro

Difusión das etapas de ESO e Bacharelato

Continuación de estudos e transición á vida activa

Obxectivos específicos	Actuacións/medidas/tarefas
Mellorar a taxa de éxito escolar nos distintos niveis e etapas e reducir a taxa de abandono escolar temperá.	Análise do rendemento escolar e programa de mellora. Análise das taxa de abandono escolar e programa de prevención. Intervención nas aula e coas familias. Charlas individuais e colectivas. Comisión de seguimento e mellora.



	Aplicación do protocolo de absentismo escolar, sobre todo ante as circunstancias actuais de alarma sanitaria.
Aumentar o número de alumnado na etapa de bacharelato, buscando a excelencia.	Campaña de difusión no centro con xornada de portas abertas. Charlas de difusión nos distintos centros do entorno. Difusión interna entre etapas. Visitas das aulas a nivel individual e grupos por alumando e familias interesadas.
Coordinarse cos centros educativos da comarca para buscar un equilibrio entre a oferta e a demanda das distintas etapas.	Reunións periódicas de coordinación entre departamentos de orientación e direccións.

O papel da familia

Escola de pais e nais para axudar aos fillos/as

Obxectivos específicos	Actuacións/medidas/tarefas
Reforzar o papel das familias na educación dos fillos e fillas.	Deseño dun programa de colaboración coas familias no que se establezan procedementos, actividades e contidos dos distintos axentes.
Mellorar os procedementos de atención ás familias, sobre todo nas que hai menos colaboración.	Deseño de programa específico de intervención con familias menos colaboradoras. Deseño de protocolos de coordinación cos axentes externos (servizos sociais, educativos, sanitarios...).
Crear unha escola de pais e nais, para traballar temas de interese implicando ás familias.	Deseño de programa específico de creación da escola de pais e nais do noso centro, favorecendo a súa formación en temas de interese actuais (formación dixital, uso axeitado das redes dixitais, saúde mental e promoción de estilo de vida saudables).



As instalacións e recursos do centro	
Mellora das instalacións e aumento de dotacións	
Obxectivos específicos	Actuacións/medidas/tarefas
Manter a inspección periódica das instalacións, equipamentos e maquinaria e reparar as avarías que xurdan.	Inspección das instalacións por persoal especializado. Mantemento das instalacións, equipos e maquinaria. Reparacións de avarías.
Favorecer un modelo de educación ambiental mediante proxectos.	Deseño de programa de intervención de prevención e educación ambiental, e promoción de estilos de vida saudables. Xornadas de educación ambiental. Coordinación con axentes externos.
Dotar de recursos materias necesarios en varios departamentos e aulas.	Inventario de recursos e petición destes atendendo ao catálogo de recursos (mobiliario, didáctico, entre outro)

1.5. RECURSOS NECESARIOS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PLAN

Recursos humanos: Os recursos humanos cos que conta o centro educativo deben dar resposta as necesidades do noso centro educativo, reflectidas neste proxecto educativo. Teranse en conta os distintos sectores da comunidade educativa.

- **Respecto ao profesorado:** órganos unipersoais (directora, xefa de estudos, secretario e vicedirectora); órganos colexiados (claustro e consello escolar); órganos de coordinación pedagóxica (comisión de coordinación pedagóxica - CCP); departamentos didácticos, departamento de orientación, equipos docentes, equipos de dinamización da lingua - EDLG, equipo de biblioteca, coordinador das TICs, coordinadora da sección bilingüe.
- **Respecto do alumnado:** segundo etapas, ciclos, cursos o niveis, cos representantes de delegado/as.



- **Persoal de administración e servizos:** auxiliar administrativo, conserxes, persoal de limpeza, de mantemento e do comedor.
- **Axentes externos:** educativos (Concellaría de Educación, Inspección Educativa, Equipo de Orientación Específico, Centro de Formación do Profesorado); sociais (servizos sociais, centro de información da muller, asociacións...); sanitarios (centro de saúde, servizo de saúde mental, asociacións...); seguridade (policía local, garda civil...). Respecto dos axentes externos é fundamental manter unha coordinación permanente e establecer protocolos de actuación co centro educativo.

Recursos materiais: Referencias normativas básicas, protocolos, documentos de centro, bibliografía e webgrafía.

- Relación de toda a normativa educativa vixente: leis, reais decretos, decretos, ordes, resolucións, instrucións e circulares.
- Protocolos de intervención da Consellería de Educación: Prevención, detección e intervención do risco suicida no ámbito educativo; Identidade de xénero; Protección de datos; Prevención e control do absentismo escolar en Galicia; Consenso sobre TDAH na infancia e na adolescencia nos ámbitos educativos e sanitarios; Atención educativa domiciliaria; Urxencias sanitarias; Atención educativa do alumando coa síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual; Altas capacidades intelectuais, entre outros.
- Protocolos específicos ante o covid19. Instrucións conxuntas do 5 de setembro de 2022 da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidade e da Consellería de Sanidade ao respecto da recomendacións xerais para a xestión da Covid-19 no ámbito educativo no curso 2022-2023.
- Proxecto educativo do centro en proceso de elaboración, programación xeral anual do curso anterior.
- Referencias bibliográficas e webgráficas de interese para o desenvolvemento da programación xeral anual, a nivel xeral e nas súas distintas concrecións: edu.xunta.es, mefp.es, usc.es, ucd.es, entre outras.



1.6. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN. INDICADORES DE LOGRO

Seguimento: O plan xeral anual terá un seguimento permanente no que se revisarán os seguintes aspectos:

- O deseño e funcionamento da PXA
- A idoneidade das tarefas propostas para o desenvolvemento da PXA
- Os avances e dificultades encontradas no desenvolvemento da PXA.
- A coordinación entre os distintos sectores da comunidade educativa en canto a metodoloxía utilizadas e as actuacións levadas a cabo.
- O funcionamento das sesións de coordinación das reunións.
- O grao de satisfacción de todos os implicados, alumnos/as, familias, e profesores/as.

Avaliación: A avaliación incluírá varios aspectos, a temporalización, os criterios de avaliación e os procedementos de avaliación.

En canto á **temporalización**, haberá tres momentos a destacar:

- Unha avaliación previa ou inicial que terá carácter diagnóstico e nos permite deseñar unha PXA realista e adaptado ás necesidades do centro. Esta avaliación inicial será supervisada cada curso escolar.
- Unha avaliación de procesos, que será levada a cabo no seguimento da implementación da PXA. Terá en conta todas as actuacións, medidas e programas a desenvolver, dentro dun modelo de centro globalizador e inherente na súa organización e funcionamento.
- Unha avaliación final ou de resultados que permita comprobar se se acadaron os obxectivos e en que grao. Todo isto tendo en conta a valoración e implicación dos participantes que inclúe a toda a comunidade educativa e o seu entorno.

Respecto aos criterios de avaliación permite analizar a consecución dos obxectivos e en que grao. Partirase sempre dos mesmos nos seguintes termos:



	CRITERIOS A AVALIAR	GRAOS			%
		SI	NON	EN PROCESO	
No ámbito do centro	Revisaron os documentos oficiais de centro e deixaron constancia dos contidos específicos.				
	Adecuraron a normativa educativa e as actualizacións ás necesidades do noso centro, en especial ante o covid19				
	Implicaron a toda a comunidade educativa nas distintas liñas de actuación e contaron cos recursos necesarios.				
	Informaron e comunicaron de todos os protocolos necesarios para o desenvolvemento do plan.				
	Proporcionaron unha formación permanente e en temas relativos innovación educativa.				
No ámbito do alumnado	Detectaron necesidades de carácter persoal que poden incidir no rendemento e na conduta para facer prevención ou intervencións.				
	Previron e desenvolveron actuacións a nivel individual e colectivo para a resolución pacífica de conflitos.				
	Realizaron intervencións a nivel individual e grupal, dende as titorías, para a orientación persoal, académica e profesional				
	Formaron e prepararon ao alumnado para formar nun plan de desenvolvemento integral en distintos plans.				
No ámbito das familias	Corresponsabilizaron ás familias no labor para unha boa educación e convivencia no centro.				
	Colaboraron co centro para axudar aos alumnos con máis necesidades a mellorar e resolver problemas que foran xurdindo.				
	Informaron, formaron e asesoraron e temas de interese para os fillos/as.				
	Contaron coas canles de comunicar para tratar temas de orientación persoal, académica e profesional, e problemas de conduta no centro educativo, tendo en conta a representación no consello escolar.				
No ámbito dos	Implicaron á Administración educativa na toma de				



axentes externos	medidas educativas.				
	Tiveron en conta aos axentes especializados a nivel externo educativo.				
	Contaron coa colaboración doutras administracións.				
	Contaron coa colaboración do Concello: sobre todo dos servizos sociais.				
	Valoraron a colaboración doutras asociacións sen ánimo de lucro en con temas de interese.				

No relativo aos **instrumentos de avaliación** teranse en conta diversos tipos para valorar o noso plan, tanto cualitativos como cuantitativos: cuestionarios, enquisas, follas de rexistros e todos aqueles documentos que poida ser preciso ter en conta para a avaliación do proxecto.

Centrarémonos, sobre todo, no nivel de implicación e participación dos distintos membros da comunidade educativa e dos axentes do entorno. Revisaremos e estableceremos novos obxectivos a conseguir deseñando actuacións, medidas e programas que permitan a súa consecución, sempre atendendo ás necesidades que vaian xurdindo no noso centro educativo.

Indicadores de logro: Os indicadores de logro se concretarán segundo as liñas de actuación establecidas no proxectos, cos respectivos obxectivos específicos para establecer propostas de mellora. Isto, establecerase para medir, de maneira obxectiva e moi detallada, os obxectivos desta PXA, segundo o seguinte esquema de traballo, de programado, realizado ou acadado e aprazado:

SEGUIMIENTO	CURSO ESCOLAR 2020-2021	
P: PROGRAMADO	N.º OBXECTIVOS	
R: REALIZADO	N.º OBXECTIVOS ACADADOS	
A: APRAZADO	N.º OBXECTIVOS APRAZADOS	
	N.º ACTUACIÓNS PREVISTAS	
	N.º ACTUACIÓNS REALIZADAS	



PROPOSTAS DE MELLORA	
Respecto do equipo directivo	
Respecto dos obxectivos establecidos	
Respecto das liñas de actuación/medidas establecidas	
Respecto da implicación e participación do profesorado	
Respecto da implicación e participación da familia	
Respecto da implicación e participación do alumnado	
Respecto da implicación e participación do PAS	
Respecto da implicación e participación dos axentes externos	
Respecto ás actuacións, programas e medidas establecidas	
Respecto da difusión do proxecto	
Respecto á implementación, seguimento e avaliación	

Concluído o curso escolar, a dirección do centro realizará unha memoria de xestión e autoavaliación no que se estimen todos aqueles aspectos e ámbitos da PXA. Este informe será presentado e debatido tanto no Claustro como no Consello Escolar do centro para facer novas propostas de mellora para o curso seguinte.



CAPÍTULO Nº 2. DOC

2.1. HORARIO XERAL DO CENTRO

		LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
GT	8:25-8:40					
1ª	8:40-9:30					
2ª	9:30-10:20					
GR	10:20-10:40					
3ª	10:40-11:30					
4ª	11:30-12:20					
GR	12:20-12:40					
5ª	12:40-13:30					
6ª	13:30-14:20					
GT	14:20-14:35					
LENDAS						
GT	16:05-16:20		GT: Garda de Transporte GR: Garda de Recreo De 14:20 a 15:00 usuarios de comedor están na cafetería. De 15:00 a 16:05 gárdase e custódiase ao alumando usuario de comedor.			
7ª	16:20-17:10					
8ª	17:10-18:00					
GT	18:00-18:15					

2.1.1. Horario lectivo do centro

As **sesións lectivas** no centro educativo se organizan de luns a venres, coa duración de 50 minutos ata un máximo de 32 períodos.

- Polas mañás se imparten seis sesións lectivas dende as 8:40 ata as 14:20 horas.
- Cada dous períodos lectivos hai un recreo, de 10:20 a 10:40 horas e de 12:20 a 12:40 horas.
- E os luns pola tarde se conta con dous períodos lectivos de 16:20 a 18:00 horas.



Nos **períodos de recreo** o alumnado pode estar na zona verde do patio, no pavillón, na biblioteca ou na aula de convivencia, sempre con supervisión. No caso de querer empregarse outros espazos do centro precisan da autorización da dirección, como a aula de música, a aula de informática, ximnasio, entre outros, e tamén supervisado por profesorado que se faga cargo.

A garda e custodia do alumnado dende a chegada do **transporte escolar** ata o comezo das clases e, posteriormente, dende o remate ata a saídas dos autobuses será de quince minutos, de 8:25 a 8:40 e as 14:20 a 14:35 polas mañás. E de 16:05 a 16:20 e de 18:00 a 18:15 os luns pola tarde.

O curso escolar iniciouse con data 8 de setembro de 2021 segundo o establecido na normativa vixente, tendo en conta os protocolos de adaptación ao contexto covid19.

2.1.2. Horario dos servizos e instalacións do centro

A **secretaría** do centro está aberta en horario de luns a venres de 8:40 a 14:20 horas e o luns pola tarde de 16:20 a 18:00 horas.

A **conserxería** terá horario de luns a venres de 8:25 a 14:35 horas coa apertura do recinto do centro as 8:15 e o peche as 15:00 horas. O luns pola tarde o período de apertura e peche será de 16:00 horas ata as 18:20.

O **servizo de comedor escolar**, para o alumnado que o solicite e dispoña de praza, será vixiado durante o período de comedor por parte dun responsable da empresa adjudicataria e segundo establecido no contrato. A directora do centro faise responsable do servizo de comedor e do resto do período de garda e custodia de 15:00 a 16:05. Neste período so será atendido o alumnado usuario do servizo de comedor. O centro permanecerá pechado.

A **biblioteca do centro** abrirá todos os días nos dous recreos e será atendida por profesorado de garda. Este espazo será tamén utilizado noutros períodos como sala de lectura e para algunhas sesións lectivas en función da necesidades.



2.1.3. Horario non lectivo

O centro educativo poderá abrir en períodos non lectivos, entre as que caben destacar as seguintes causas:

- Xuntas de avaliación
- Comisións de coordinación pedagóxica
- Claustros
- Consellos Escolares

Estes períodos se consideran obrigatorios e non fixos, pendente das correspondentes convocatorias e segundo as necesidades do centro. Segundo o número de profesorado valorarase a realización de reunións de xeito telemático (sobre todo os claustros) e/ou presenciais.

Ademais destes períodos poderanse solicitar á dirección do centro a apertura do centro para reunións doutros membros da comunidade educativa:

- Xuntas de delegados /as
- Xuntas de nais/pais e titores legais
- Xuntas da ANPA

Neste caso, solicitaranse cunha antelación mínima de 48 horas e a dirección designará a dependencia que considere máis axeitada.

Para a realización de actividades extraescolares dirixidas por profesorado do centro, será realizada previa solicitude á dirección.

Previa solicitude, poderase aprobar no consello escolar actividades propostas pola ANPA, Concello, AECC fora do horario lectivo, indicando na solicitude a entidade responsable, actividade, horario e instalación que solicitan.

2.1.4. Horario en períodos non lectivos

O horario de vacacións, no período de verán ser organizarán do seguinte xeito:

Xullo	De 09:00 a 14:00 horas
Agosto	De 10:00 a 12:00 horas



Setembro	De 09:00 a 14:00 horas (antes do comezo das clases)
----------	--

2.2. ORGANIZACIÓN DE SERVICIOS COMPLEMENTARIOS

2.2.1. Servizo de comedor escolar

Estamos no 24º curso escolar con servizo de comedor no centro, nas dependencias da cafetería. Implantouse segundo as normas da Consellería de Educación o día que se conta con actividade lectiva de mañá e de tarde para o alumnado da ESO, que por residir lonxe do centro non ten tempo suficiente para desprazarse a súa vivenda.

O marco normativo de referencia para comedores é o *Decreto 132/2013 do 1 de agosto, DOG nº 154 do 13/08/2013, polo que se regulan os comedores escolares dependentes da consellería con competencias en materia de educación.*

Neste curso ofertáronse un máximo de 27 prazas, sendo necesario baremar pois houbo máis demanda que prazas (32 solicitudes):

1º ESO	10
2º ESO	6
3º ESO	7
4º ESO	3
	26

O servizo de comedor está baixo o contrato dunha empresa de catering “eurest” responsable dun menú equilibrado e san. Cada luns haberá un control de asistencia ao servizo de comedor por parte do centro para asignar os menús necesarios. As familias deberán xustificar a ausencia ao servizo de comedor todos os luns antes das 9:45 horas segundo a Instrución 3/2022, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades do 1 de xuño, sobre funcionamento de comedores de xestión indirecta no curso escolar 2022-2023.



2.2.2. Servizo de transporte escolar

O centro educativo dispón de servizo de transporte escolar organizado en dez rutas que achegan ao instituto a un total de 244 alumnos/as que se distribúen do seguinte xeito:

1º ESO	52	228	244
2º ESO	70		
3º ESO	57		
4º ESO	49		
1º BACH	9	17	
2º BACH	8		

Este curso contamos con dúas rutas de Educación (ED150325 e ED150326) e o resto das rutas das oitos dependen de Mobilidade. A empresa ARRIVA asume a maioría do transporte escolar de Mobilidade. As empresas J.Pombo e López (UE) asumen as rutas de Educación. O alumnado de Bacharelato das rutas de Mobilidade (ARRIVA) non se rexistran na aplicación e teñen que levar a Tarxeta de Xente Nova.

Empresas de transporte	Ruta e itinerario	Contrato
ARRIVA J.POMBO LÓPEZ	1. As calzadas – Comeáns	Mobilidade
	2. Formigueiro – Lagarteira-Montemaior	Mobilidade
	3. A Calvela – Requesende	Mobilidade
	4. Braña Grande – Casas Francés	Mobilidade
	5. Telleira – San Román Igresario	Mobilidade
	7. O Areal – Erboedo-Grixario	Mobilidade
	8. Estramil – Caión	Educación
	9. Gabenlle – Millarada	Educación
	6. O campo – Cruce Vilanova	Mobilidade
	10. Cillobre - Frión	Mobilidade
10 liñas de autobuses		



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

I.E.S.Agra de Leborís

Rosalía de Castro, s/n - 15145 A Laracha

Teléfono: 881880676 - Fax: 881110683

www.edu.xunta.gal/centros/iesagraleboris

E-mail: ies.agra.leboris@edu.xunta.es

2.3. DOC – XADE (En documento aparte)



CAPÍTULO Nº 3. PROXECTOS E PROGRAMAS

3.1. PROGRAMACIÓN ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Este departamento está dirixido pola vicedirectora e profesora de Lingua Castelá e Literatura, M^a Isabel Dobaño Torrón, que asume o cargo dende o 1 de xullo de 2022.

Ademais, para organizar e concretar as actividades complementarias e extraescolares previstas, estarase en contacto co profesorado e co/as xefes/as de departamento.

Este curso escolar teranse en conta as Instrucións conxuntas do 5 de setembro de 2022 da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidade e da Consellería de Sanidade ao respecto da recomendacións xerais para a xestión da Covid-19 no ámbito educativo no curso 2022-2023

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Na ORDE do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia, no Anexo I recóllense as seguintes datas para desenvolver actividades relacionadas coas Conmemoracións seguintes:

- 20 de novembro de 2022: Día Universal da Infancia.
- 25 de novembro de 2022: Día Internacional contra a Violencia de Xénero.
- Do 30 de novembro ao 7 de decembro de 2022: conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia.
- 3 de decembro de 2022: Día Internacional das Persoas con Discapacidade.
- 10 de decembro de 2022: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
- 24 de xaneiro de 2023: Día Internacional da Educación.
- 30 de xaneiro de 2023: Día Escolar da non Violencia e da Paz.
- 24 de febreiro de 2023: Día de Rosalía de Castro.



- 8 de marzo de 2023: Día Internacional da Muller.
- 15 de marzo de 2023: Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.
- Do 7 ao 11 de marzo de 2023: Semana da Prensa. Un día desta semana traballarase na aula con xornais.
- 7 de abril de 2023: Día Mundial da Saúde.
- Entre o 18 e o 22 de abril de 2023: Semana do Libro.
- 2 de maio de 2023: Día Internacional contra o Acoso Escolar.
- 9 de maio de 2023: Día de Europa.
- Do 16 ao 20 de maio de 2023: Semana das Letras Galegas.
- 5 de xuño de 2023: Día Mundial do Medio Ambiente.
- De conformidade co establecido no artigo 26.2 da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, para favorecer a visibilidade e integrar de forma transversal a diversidade afectivo-sexual, os centros docentes sostidos con fondos públicos realizarán actividades específicas próximas ás datas de celebracións internacionais relacionadas co recoñecemento efectivo do dereito destas persoas.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS FIXAS

Durante os recreos faranse actividades deportivas complementarias no pavillón, dentro do Plan Proxecta “Proxecto de vida activa e deportiva”, organizado polo Departamento de Educación Física, como: fútbol gaélico, baloncesto, floorball, balonmán, fútbol, hóckey sobre patíns e kickball.

Tamén se organizarán os *Clubs de Lectura na Biblioteca*. Ademais realizaranse proxeccións na entrada do instituto con motivo dalgunha celebración.

ACTIVIDADES ORGANIZADAS POR DEPARTAMENTOS

Departamento de LINGUA GALEGA E LITERATURA

Ao redactarse esta programación antes da reunión de departamento en que se decide e toma acta das actividades, tanto complementarias coma extraescolares, que se



van realizar durante o curso académico 2022-23 só podemos ofrecer información xeral. A concreción destas actividades reflectirase na correspondente acta do seminario á que remitimos para obter información concreta sobre este apartado.

Con carácter xeral, o departamento acostuma sumarse a todas as actividades que conmemoren eventos de interese relacionados coa materia de Lingua Galega e Literatura, como pode ser a celebración do Día das Letras Galegas.

ACTIVIDADE	Destinatarios	Data prevista
NO CENTRO		
Actividades das letras galegas	ESO e/ou BACH	Maio
Recitais poéticos, conferencias, espectáculos teatrais, exposicións...	ESO e/ou BACH	Sen concretar
Concurso Dores Xestoso	ESO e/ou BACH	Sen concretar
Concurso de relato oral: "Tíralle da ingua"	ESO	Sen concretar
Actividades de animación á lectura, cunha actividade específica relacionada coa BE	ESO e/ou BACH	Sen concretar
Actividades plurilingües (en colaboración con outros Departamentos)	ESO e/ou BACH	Sen concretar
FÓRA DO CENTRO		
Participación no CORRELINGUA	ESO	3ª Avaliación
Concurso de relato oral " Tíralle da lingua" Fase II	ESO	Sen concretar
Roteiro histórico pola cidade da Coruña	ESO e/ou BACH	2º/3º Avaliación
Roteiro botánico-lingüístico polos arredores do centro	ESO e/ou BACH	2º/3º Avaliación
Visita a Pontevedra	ESO e/ou BACH	2º/3º Avaliación
Visionado dalgún espectáculo teatral ou actividade cultural	ESO e/ou BACH	Sen concretar
Roteiros literarios por determinar en relación aos clásicos da literatura galega: Pondal, Rosalía,	ESO e/ou BACH	2º/3º Avaliación



Castelao...		
Roteiro botánico-lingüístico polo río Anllóns en colaboración co departamento de Bioloxía	ESO e/ou BACH	2º/3º Avaliación
Viaxe a Portugal ou encontro con alumnado portugués	ESO e/ou BACH	Sen concretar

Departamento de LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

Consideramos esencial secundar todas as propostas para a dinamización da lectura (Club de lectura, certámenes...) recollidas no Proxecto Lector e/ou propostas polo Equipo da Biblioteca escolar ou por outros Departamentos didácticos, coma as a conmemoracións de diversas efemérides, as diferentes festas anuais, charlas con escritores, concursos literarios ou recitais poéticos.

ACTIVIDADE	Destinatarios	Data prevista
NO CENTRO		
Concurso de lectura expresiva	1º e 2º ESO	Conmemoración Día do Libro (3º trimestre)
Concurso de creación literaria	3º e 4º de ESO e 1º BACH	Conmemoración Día do Libro (3º trimestre)
Encontros literarios	Todos os cursos	Sen concretar
Cine e literatura (cine relacionado con obras propostas)	Todos os cursos	Sen concretar
FÓRA DO CENTRO		
Encontros literarios	Todos os cursos	Sen concretar
Recitais	Todos os cursos	Sen concretar
Asistencia ao teatro	Todos os cursos	Sen concretar

Departamento de FRANCÉS

ACTIVIDADE	Destinatarios	Data prevista
Concurso de postais de Nadal	1º de ESO	Últimas semanas e Decembro



Festival de la Francophonie	Por determinar	2º ou 3º trimestre
Intercambio con Les-Sables-d'Olonne	3º de ESO	2º ou 3º trimestre

Departamento de INGLÉS

ACTIVIDADE	Destinatarios	Data prevista
Conmemoración de festividades da sociedade anglosaxona	Todo o alumnado	Todo o curso
Charlas culturais	1º e 3º ESO	24 Outubro
Pequenas obras de teatro, sketches ou cortos	Todo o alumnado	Todo o curso
Talent Show	Todo o alumnado	Sen determinar
Viaxe fin de curso a un país angloparlante	3º de ESO	Xuño

Departamento de XEOGRAFÍA E HISTORIA

O departamento está disposto a colaborar cos restantes departamentos do centro para realizar todo tipo de actividades.

ACTIVIDADE	Destinatarios	Data prevista
Visita ao Castro de Elviña e ao Museo de San Antón na Coruña	1º ESO	Sen concretar
Visita ao Castro de Borneiro e ao dolme de Dombate	1º ESO	Sen concretar
Visita á lapa de Marco de Anta, ao Castro de Montesclaros e ao campamento romano de Santabaia na Laracha	1º ESO	Sen concretar
Visita ao centro loxístico de INDITEX no polígono industrial da Laracha	3º ESO	Sen concretar
Visita ao Porto da Coruña	3º ESO	Sen concretar



Departamento de MÚSICA

ACTIVIDADE	Destinatarios	Data prevista
Musiqueando 2023	2º e 3º ESO	27 de abril
Concerto de fin de curso	2º e 3º ESO	Xuño 2023

Departamento de EDUCACIÓN FÍSICA

ACTIVIDADE	Destinatarios	Data prevista
NO CENTRO		
Recreos activos	Todo o alumnado	Recreos todo o curso
Xornada deportiva organizada por 1º de BACH	1º e 2º ESO	Finais da 1ª e 2ª Avaliación e fin de curso
Charla doazón de órganos e RCP	1º de BACH	2º Trimestre
Obradoiro primeiros auxilios e RCP	4º ESO-1º de BACH	2º e 3º Trimestre
FÓRA DO CENTRO		
Roteiro pola contorna	ESO	1º e 3º Trimestre
Día da Ed. Física na rúa	ESO e 1º BACH	Abril
Semana branca	2º e 3º ESO	2º Trimestre
Ciclismo e educación vial	1º e 2º ESO	3º Trimestre
Parque multiaventura no Ventoso	1º e 2º ESO	1º e 3º Trimestre
Patinaxe sobre xeo	2º e 3º ESO	2º Trimestre
Actividades acuáticas	4º ESO-1º BACH	3º Trimestre
Sesión de forza no Ximnasio Municipal	1º BACH	1º e 2º Trimestre
Escalada no rocódromo de Riazor	1º BACH	1º Trimestre

Departamento de BIOLOXÍA e XEOLOXÍA

ACTIVIDADE	Destinatarios	Data prevista
------------	---------------	---------------



Visita á Casa dos Peixes e Planetario da Coruña	1º ESO	1ª Avaliación
A Auga na Laracha: potabilizadora, depuradora, museo dos muíños	1º ESO	1ª Avaliación
Roteiro por Baldaio: biodiversidade	1º ESO	2ª Avaliación
Colaboración co Camiño sen límites, roteiros inclusivos pola natureza	1º ESO	2ª Avaliación
Semana da ciencia	1º ESO	2ª Avaliación
Día da nena e a muller na ciencia	1º ESO	2ª Avaliación
Roteiro polo río Anllóns	1º ESO	3ª Avaliación
Visita ao Museo de Historia Natural Luis Iglesias en Santiago	1º ESO	3ª Avaliación
Exposición vermes de seda	1º ESO	3ª Avaliación
Deseño e realización de itinerarios xeolóxicos	3º ESO	2ª ou 3ª Avaliación
Visita á Domus – A Coruña	3º ESO	2ª ou 3ª Avaliación
Visita ás fragas do Eume	4º ESO	2ª Avaliación
Roteiro pola Costa da Morte	4º ESO	3ª Avaliación
Conferencia sobre os transplantes e REA	1º BACH (BX)	2ª Avaliación
Itinerario pola Capelada	1º BACH (BX)	2ª ou 3ª Avaliación
Itinerario pola Costa da Morte	1º BACH (BX)	2ª ou 3ª Avaliación
Visita ás Fragas do Eume	1º BACH (BX)	2ª ou 3ª Avaliación
Obradoiro de expresión corporal	1º BACH (Anatomía Aplicada)	1ª ou 2ª Avaliación
Visita á Domus	1º BACH (Anatomía Aplicada)	3ª Avaliación
Visitas a centros de investigación biolóxica	2º BACH (BX)	2ª Avaliación
Exposicións, xornadas científicas no centro, sesións de Cine e Ciencia (Casa da Cultura)	Todo o alumnado	Ao longo de todo o curso



Departamento de FILOSOFÍA

ACTIVIDADE	Destinatarios	Data prevista
Filosofía no escenario: pensamento e humor	1º /2º de BACH	Sen concretar
Filosofía e poesía: pensamento e literatura	1º y 2º de BACH	Sen concretar

Departamento de RELIXIÓN CATÓLICA

ACTIVIDADE	Destinatarios	Data prevista
Saída escolar Santiago de Compostela	1º de ESO	2º trimestre
Saída escolar a San Andrés de Teixido	2º de ESO	3º trimestre
Saída escolar a Armenteira (Pontevedra)	3º de ESO	3º trimestre
Saída escolar á Ribeira Sacra	4º de ESO	1º trimestre
Saída escolar a Oseira (Ourense)	1º de BACH	2º trimestre

Departamento de EDUCACIÓN PLÁSTICA, VISUAL E AUDIVISUAL

ACTIVIDADE	Destinatarios	Data prevista
Exposición de traballos nas aulas e noutros espazos expositivos dos instituto	Cursos 1º, 2º e 3º ESO	Ao longo do curso
Decoración do Nadal como proxecto interdisciplinar en colaboración con outros Departamentos Didácticos	Toda a ESO a concretar con outros Departamentos Didácticos	Novembro e decembro
Exposición de caretas 3D no Entroido como proxecto de materia	Cursos 1º e 3º ESO	Febreiro
Colaboración para a realización das diferentes efemérides: Día Internacional contra a Violencia de	Toda a ESO a concretar con outros Departamentos	Temporalización a concretar ao longo do curso



Xénero, Día da Paz, Día do libro, Día das Letras Galegas ...que se recollen na orde do 20/05/2022	Didácticos	
Promoción de concursos de carteis, cómic, fotografía e vídeo e outras expresións artísticas	Cursos 1º, 2º e 3º ESO	Temporalización a concretar ao longo do curso
Participación en propostas artísticas de calquera tipo que permitan poñer en práctica os coñecementos, destrezas e habilidades adquiridas polo alumnado	Toda a ESO a concretar segundo a actividade se axuste a cada nivel	Temporalización a concretar ao longo do curso dependendo das programacións de Concellos, espazos de divulgación artística...
Obradoiros de debuxo, pintura, cómic, anime, vídeo ou calquera outra actividade creativa axeitada a cada nivel e relacionada coa arte, o centro educativo, a vila ou calquera outro contexto que puidera presentarse		
Concursos de debuxo, pintura, cómic, anime, vídeo ou calquera outra actividade creativa axeitada a cada nivel e relacionada coa arte, o centro educativo, a vila ou calquera outro contexto que puidera presentarse		
Visitas didácticas a algún dos principais espazos de divulgación artística: o Centro Galego de Arte Contemporánea, o Museo de Arte Contemporánea de Vigo, a Fundación Pedro Barrié de Maza, a Fundación Abanca, a Fundación María José Jove,...		
Asistencia a Festivais de Cine, Vídeo e Contidos Dixitais: FKM, festival de cine fantástico, Carballo Interplay, festival de contidos dixitais, ...		
Asistencia a conferencias e charlas de contido artístico		
Saídas didácticas polo entorno		



para realizar debuxo do natural, fotografía ou vídeo		
Saídas didácticas para visitar talleres artísticos de pintura, cerámica, alfarería, impresión 3D,..., centros de grabado e estampación como o CIEC de Betanzos		
Saídas didácticas pola contorna para realizar debuxo do natural	Cursos 1º BAC e 2º BAC Debuxo Técnico	Temporalización a concretar ao longo do curso
Saídas didácticas para visitar estudos de arquitectura, urbanismo, enxeñería, ...		

Departamento FÍSICA E QUÍMICA

Dende o Departamento de Física e Química non se contempla a realización de actividades extraescolares no presente curso 2022-2023 polo que este Departamento non presentará neste momento ningún proxecto.

O Departamento de Física e Química está, de todos modos, en disposición de cambiar esta previsión inicial no caso de atopar algunha actividade de interese e fose posible a súa realización, que implicando a un número amplo de alumnos e alumnas poida ser realizada cun custo axeitado ao orzamento dispoñible.

De todos xeitos, se se presentan actividades por parte da Biblioteca ou doutros Departamentos nos que poidamos colaborar quedarán reflectidos na memoria deste Departamento.

Departamento de ORIENTACIÓN

ACTIVIDADE	Destinatarios	Data prevista
Actividades do Plan Director para a mellora da convivencia dos centros	Alumnado de ESO e Bacharelato Familias Profesorado	1º, 2º e 3º Trimestre
Programa A Ponte- USC	Alumnado	A concretar coa USC



	Familias Profesorado	
Actividades coa UDC	Alumnado de Bacharelato	2º e 3º trimestre
Programa Quérote+	Alumnado de ESO e Bacharelato Familias	Sen concretar
Charlas con exalumnos do centro para OVP	Alumnado de ESO e Bacharelato	2º e 3º trimestre
Formación en atención á diversidade en colaboración con asociacións especializadas colaboradoras	Profesorado Familias	1º e 2º trimestre
Obradoiro de xestión da ansiedade ante os exames	Alumnado de ESO e Bacharelato Profesorado Familias	2º trimestre
Programa do Concello en Educación Emocional, e outras temáticas a través da empresa DELOGA	Alumnado de ESO e Bacharelato Familias	Todo o curso, a concretar



3.2. PROXECTO LINGÜÍSTICO

O Decreto 79/2010 establece o reparto das materias curriculares nas linguas oficiais segundo o establecido nos artigos 7 e 8:

Artigo 7.-Educación secundaria obrigatoria.

1. Garantirase a adquisición da competencia lingüística propia da etapa e do nivel nas dúas linguas oficiais de Galicia.
2. As materias de lingua impartiranse na lingua de referencia.
3. Impartiranse en galego as materias de Ciencias sociais, xeografía e historia, Ciencias da natureza e Bioloxía e xeoloxía, e en castelán as materias de Matemáticas, Tecnoloxías e Física e química.
4. Cada centro educativo, segundo o procedemento establecido no regulamento de centros, decidirá a lingua en que se impartirá o resto de materias de cada curso, garantindo que as materias en galego e en castelán se distribúen na mesma porcentaxe de horas semanais, sen prexuízo do disposto no capítulo IV (sobre a impartición de materias en linguas estranxeiras).

Este proceso realizarase cada catro cursos escolares.

Artigo 8º.-Bacharelato.

Cada centro educativo, segundo o procedemento establecido no regulamento de centros, establecerá unha oferta equilibrada na mesma porcentaxe de materias comúns, de modalidade e optativas para impartir en galego e en castelán.

Reparto lingüístico das materias durante o curso 2022-2023

En virtude do Proxecto Lingüístico e o establecido nos artigos 7º e 8º do decreto 79/2010, o reparto das materias curriculares nas linguas oficiais é o seguinte:



1º ESO - LOMLOE		
MATERIA	Nº HORAS	LINGUA
BIOLOXÍA E XEOLOXÍA	3	Galego
XEOGRAFÍA E HISTORIA	3	Galego
EDUCACIÓN FÍSICA	2	Castelán
EDUCACIÓN PLÁSTICA	2	Galego
LINGUA CASTELÁ E LITERATURA (+Afondamento)	3+1	Castelán
LINGUA GALEGA E LITERATURA (+Afondamento)	3+1	Galego
1ª LINGUA EXTRANXEIRA INGLÉS	3	Inglés
MATEMÁTICAS	4	Castelán
TECNOLOXÍA E DIXITALIZACIÓN	3	Castelán
2ª LINGUA EXTRANXEIRA FRANCÉS	2	Francés
2ª LINGUA EXTRANXEIRA PORTUGUÉS	2	Portugués
REFORZO E APOIO (LINGUAS)	2	Castelán/Galego
REFORZO E APOIO (MATEMÁTICAS)	2	Galego
RELIXIÓN/PROXECTO COMPETENCIAL	1	Galego
TITORÍA	1	Galego

2º ESO - LOMCE		
MATERIA	Nº HORAS	LINGUA
FÍSICA E QUÍMICA	3	Castelán**
XEOGRAFÍA E HISTORIA	3	Galego
EDUCACIÓN FÍSICA	2	Castelán
LINGUA CASTELÁ E LITERATURA	3	Castelán
LINGUA GALEGA E LITERATURA	3	Galego
INGLÉS	3	Inglés
MATEMÁTICAS	5	Castelán
MÚSICA	2	Galego*
2ª LINGUA FRANCÉS	2	Francés
2ª LINGUA PORTUGUÉS	2	Portugués
REFORZO E APOIO (LINGUAS)	2	Castelán/Galego
REFORZO E APOIO (MATEMÁTICAS)	2	Castelán
PROMOCIÓN DE ESTILOS DE VIDA SAUDABLES	1	Castelán
IGUALDADE DE XÉNERO	1	Galego
ORATORIA	1	Galego
TECNOLOXÍA	3	Castelán
RELIXIÓN	1	Galego
VALORES ÉTICOS	1	Galego
TITORÍA	1	Galego

*Con algúns materiais en castelán. ** Con algúns materiais en galego.



3º ESO - LOMLOE		
MATERIA	Nº HORAS	LINGUA
BIOLOXÍA E XEOLOXÍA	2	Galego
XEOGRAFÍA E HISTORIA	3	Galego
EDUCACIÓN FÍSICA	2	Galego
EDUCACIÓN PLÁSTICA BILINGÜE	2	Inglés/Galego
EDUCACIÓN PLÁSTICA NON BIL.	2	Galego
FÍSICA E QUÍMICA	2	Castelán**
LINGUA CASTELÁ E LITERATURA	3	Castelán
LINGUA GALEGA E LITERATURA	3	Galego
1ª LINGUA ESTRANXEIRA INGLÉS	3	Inglés
MATEMÁTICAS APLICADAS	4	Castelán
MATEMÁTICAS ACADÉMICAS	4	Castelán
MÚSICA BILINGÜE	2	Inglés/Castelán
MÚSICA NON BIL.	2	Castelán
2ª LINGUA ESTRANXEIRA FRANCÉS	3	Francés
2ª LINGUA ESTRANXEIRA PORTUGUÉS	3	Portugués
CULTURA CLÁSICA	3	Galego
RELIXIÓN/PROXECTO COMPETENCIAL	1	Galego
TITORÍA	1	Galego

** Con algúns materiais en galego.

4º ESO - LOMCE		
MATERIA	Nº HORAS	LINGUA
BIOLOXÍA E XEOLOXÍA	3	Galego
XEOGRAFÍA E HISTORIA	3	Galego
EDUCACIÓN FÍSICA	2	Galego
EDUCACIÓN PLÁSTICA	3	Castelán
FÍSICA E QUÍMICA	3	Castelán**
LINGUA CASTELÁ E LITERATURA	3	Castelán
LINGUA GALEGA E LITERATURA	3	Galego
LATÍN	3	Galego
INGLÉS	3	Inglés
MATEMÁTICAS ACADÉMICAS	4	Castelán
MATEMÁTICAS APLICADAS	4	Castelán
CIENCIAS APLICADAS Á ACTIVIDADE PROFESIONAL	3	Castelán**
MÚSICA	3	Galego
ECONOMÍA	3	Galego
TIC	3	Castelán
TECNOLOXÍA	3	Castelán
2ª LINGUA FRANCÉS	3	Francés



CULTURA CIENTÍFICA	3	Galego*
RELIXIÓN	1	Galego
VALORES ÉTICOS	1	Galego
TITORÍA	1	Galego

*Con algúns materiais en castelán. ** Con algúns materiais en galego.

1º BACHARELATO - LOMLOE		
MATERIA	Nº HORAS	LINGUA
BIOLOXÍA E XEOLOXÍA	4	Galego
ANATOMÍA APLICADA	3	Galego*
ECONOMÍA	4	Galego
EDUCACIÓN FÍSICA	2	Galego
DEBUXO TÉCNICO I	4	Castelán
FILOSOFÍA	3	Galego
FÍSICA E QUÍMICA	4	Castelán**
HISTORIA DO MUNDO CONTEMPORÁNEO	4	Galego
LINGUA CASTELÁ E LITERATURA I	3	Castelán
LINGUA GALEGA E LITERATURA I	3	Galego
INGLÉS I	3	Inglés
LATÍN I	4	Galego
GREGO I		Galego
MATEMÁTICAS I	4	Castelán
MATEMÁTICAS APLICADAS ÁS CIENCIAS SOCIAIS I	4	Castelán
2ª LINGUA FRANCÉS I	2	Francés
TECNOLOXÍA INDUSTRIAL I	3	Galego
TIC I	2	Castelán
RELIXIÓN	1	Galego

* Con algúns materiais en castelán. ** Con algúns materiais en galego. *** Con algúns materiais en castelán

2º BACHARELATO - LOMCE		
MATERIA	Nº HORAS	LINGUA
BIOLOXÍA	4	Galego
ECONOMÍA DA EMPRESA	4	Galego
Hª DA FILOSOFÍA	4	Galego
FÍSICA	4	Castelán*
HISTORIA DE ESPAÑA	3	Galego
LINGUA CASTELÁ E LITERATURA II	3	Castelán
LINGUA GALEGA E LITERATURA II	3	Galego
INGLÉS II	3	Inglés
LATÍN II	4	Galego



GREGO II		Galego
MATEMÁTICAS II	4	Castelán
MATEMÁTICAS APLICADAS ÁS CIENCIAS SOCIAIS II	4	Castelán
MÉTODOS ESTADÍSTICOS E NUMÉRICOS	2	Castelán
QUÍMICA	4	Castelán
TIC II	3	Castelán
2ª LINGUA FRANCÉS II	3	Francés
PSICOLOXÍA	3	Galego
PATRIMONIO ARTÍSTICO E CULTURAL DE GALICIA	2	Galego
RELIXIÓN	1	Galego

* Con algúns materiais en galego.



3.3. PROGRAMA DE ACTIVIDADES DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

OBXECTIVOS

- ❖ Fomentar o uso da lingua galega entre a comunidade educativa.
- ❖ Promover a utilización dos recursos existentes na rede en galego.
- ❖ Acadar a plena valoración positiva do uso da lingua galega e desbotar os prexuízos existentes.
- ❖ Entender a lingua como medio de comunicación privilexiado e elemento configurador da identidade persoal e colectiva.
- ❖ Valorar a pluralidade lingüística como un patrimonio da humanidade e de riqueza persoal.
- ❖ Ampliar a presenza da realidade galega, cultura, historia, xeografía, economía, etnografía, lingua, literatura, arte, folclore ... na actividade diaria do centro.
- ❖ Colaborar activamente coas entidades da contorna no deseño e realización de actividades de dinamización da lingua galega.
- ❖ Divulgar os valores culturais, naturais e científicos da contorna na que se sitúa o noso centro; máis especificamente: a Costa da Morte e o mundo rural.
- ❖ Promover a igualdade e a convivencia no centro con prácticas educativas que axuden a eliminar condutas sexistas e estereotipos de xénero.
- ❖ Continuar coa ambientación do centro poñendo en valor a cultura propia e destacando a contribución das mulleres.
- ❖ Ambientar o centro poñendo en valor o papel das mulleres en distintos ámbitos: ciencia, cultura...
- ❖ Recoller datos obxectivos sobre o uso e valoración da lingua galega por parte da comunidade educativa e colaborar na elaboración do Proxecto Lingüístico do centro.
- ❖ Colaborar e coordinarse co equipo da biblioteca en todas as actividades.
- ❖ Fomentar a elaboración de materiais audiovisuais didácticos en galego.

Actividades	Temporalización	Destinatarios
Calendario escolar	Outubro 2022	Comunidade educativa
Elaboración de webseries (Interplay)	1º/2º trimestre	Carlos López (Xeo-hist.) / Tomás Roibas (Plást.)



		Alumnado de 3º ESO
Día internacional contra a violencia de xénero. Colaboración coa actividade da biblioteca (mural)	25 Novembro 2022	Comunidade educativa
Enquisa: situación do galego no centro	Ao longo do curso	Comunidade educativa
Escalearas de mulleres pioneiras (continuación)	2º/3º trimestre	Comunidade educativa
Billarda, deporte tradicional galego (co depto de Ed. Física)	Por determinar	Alumnado billardeiro para o alumnado de 1º ESO
Obradoiro de música e baile tradicional	Todo o curso (recreos)	Alumnado dos grupos de baile tradicional do concello, para toda a comunidade educativa
Día da muller e a nena na Ciencia (exposición con Biblioteca)	11 de febreiro 2023	Comunidade educativa
Día de Rosalía: postais e exposición	23 de febreiro 2023	Comunidade educativa
Entroido: colaboración coa actividade da Biblioteca : “E logho, ti quen vés sendo?”	Febreiro 2023	Comunidade educativa
VII Certame Dores Gestoso: plástico, poético e divulgativo	2º e 3º trimestre	Todo o alumnado
Murais: a muller na cultura tradicional galega (entrada do instituto)	Todo o curso	Alumnado voluntario
Participación no <i>Correlingua</i>	3º trimestre	Alumnado por determinar
Letras galegas: exposición, materiais didácticos,...	Maio 2023	Todo o alumnado
Feira do libro Galego	Maio 2023	Toda a comunidade educativa
Participación no Proxecto interdisciplinar da Biblioteca	Todo o curso	Todo o alumnado
Feira científica	2º/3º trimestre	Alumnado de ESO



Os nomes da natureza: roteiros e exposicións para dar a coñecer a natureza do entorno	Todo o curso	Todo o alumnado
Colaboración co <i>Camiño sen límites</i>	Marzo 2023	Alumnado de 1º ESO
Certame de fotografía: a muller rural, pasado e presente	Data por determinar	Alumnado de 1º ESO
Teatro	Data por determinar	Alumnado por determinar
Actuacións musicais	Data por determinar	Alumnado por determinar
Calquera outra actividade que xurda durante o curso	Data por determinar	Alumnado por determinar



3.4. PLAN DIXITAL

O Plan Dixital de centro é un documento a través do cal os centros analizan a súa realidade en relación ao uso das tecnoloxías dixitais e, a partir desta situación de partida, definen un plan de actuación que incluírá os obxectivos a conseguir, as actuacións específicas para implementar este plan, a súa avaliación e difusión.

O obxectivo final da posta en marcha do Plan Dixital é mellorar o desenvolvemento da competencia dixital do alumnado e o uso das tecnoloxías dixitais na aprendizaxe a través do desenvolvemento da competencia dixital do profesorado tanto individual como colexiada e da transformación dos centros en organizacións educativas dixitalmente competentes.

OBXECTIVOS

Atendendo ás áreas de mellora identificadas establecéronse os seguintes obxectivos:

1. Mellorar a dotación de recursos dixitais nas aulas específicas de informática.
2. Mellorar o comportamento responsable no uso de redes culturais dixitais e da convivencia, mediante a formación xeralizada e unha redución das incidencias nun 40% respecto do curso anterior.
3. Garantir o deseño das programacións didácticas mediante a aplicación da Consellería de Educación.
4. Realizar contidos audiovisuais por parte do profesorado e o alumnado para o fomento do uso da lingua galega.
5. Elaborar materiais de ficción audiovisual por parte do profesorado e o alumnado para a participación no Interplay Carballo.
6. Mellorar as conexións a Internet en todos os espazos do centro.
7. Adaptar o programa de avaliación das competencias clave ao novo marco normativo LOMLOE.

Acceso ao documento completo en: Páxina web do centro no apartado de documentos.



3.5 PROGRAMACIÓN ANUAL DE LECTURA. BIBLIOTECA ESCOLAR

Plan Anual de Lectura do IES “Agra de Leborís” (A Laracha)

Marco legal

- Co Plan Anual de Lectura (PAL) que presentamos, damos cumprimento:
- Ás Instrucións de comezo de curso, da dirección xeral de ordenación e innovación educativa **de 6 de setembro de 2022** en relación coa organización e o funcionamento das bibliotecas escolares durante o curso 2022-2023 en centros docentes de niveis non universitarios, de titularidade da consellería de cultura, educación, formación profesional e universidades.
 - Á **Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio**, de educación, recentemente modificada pola **Lei orgánica 3/2020, de 29 de decembro**, (LOMLOE), ao **Decreto 156/2022 de 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria**, TÍTULO III, Plans educativos, artigo 36 e ao **Decreto 157/2022 de 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato**, TÍTULO III, Plans educativos, artigo 34, en relación a Bibliotecas escolares e lecturas, nos que se determina que os centros docentes deberán incluír, dentro do seu proxecto educativo e funcional, un plan de lectura coa finalidade de promover a lectura, que se concretará anualmente na programación xeral anual.
 - Á **Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa** (LOMCE), artigo 113 (menciona as bibliotecas escolares como “recursos educativos [que] contribuirán a fomentar a lectura e a que o alumnado acceda á información e outros recursos para aprendizaxe das demais áreas e materias, e poida formarse no uso crítico dos mesmos, debendo contribuir (...) a facer efectivos os principios pedagóxicos referidos á lectura, e dispoñendo que a organización das bibliotecas escolares deberá permitir o seu funcionamento como espazo aberto á comunidade educativa dos respectivos centros”); art. 11.7 (especifica: “Coa finalidade de promover a comprensión da lectura e do uso da información, dedicarase un tempo á lectura na práctica docente en todas as materias”).
 - Ao **Anexo XI e ao Anexo I con Anotacións (da Orde de 23 de abril de 2018 pola que se convoca o Plan de Mellora para as Bibliotecas Escolares, integrado agora no PLAN LÍA de Lectura, Información e Aprendizaxe)**, onde se recollen as orientacións da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria en relación á organización e funcionamento das bibliotecas escolares. Descríbese a biblioteca como centro de recursos de lectura, información e aprendizaxe; como “centro creativo das aprendizaxes”.
 - Ao **Decreto 86/2015, do 25 de xuño polo que se establece o currículo de educación secundaria obrigatoria e do bacharelato**, artigo 38 (establece a obrigatoriedade de que as bibliotecas escolares sirvan aos obxectivos do proxecto lector de centro, entendido como “un programa de promoción da lectura, da escritura e das habilidades no uso, no tratamento e na produción da información, en apoio da adquisición das competencias clave”); e ao **Anexo V do Decreto 133/2007, que regula o Proxecto Lector de centro** (prescribe: “O proxecto lector de centro será a referencia para a elaboración de programas ou plans anuais de lectura, que se incluírán na programación xeral anual. O seu deseño e posta en marcha son competencia de todo o equipo docente e estarán coordinados preferentemente pola persoa responsable da biblioteca escolar. [...] A formación da lectura comprensiva exige, pola súa vez, un traballo progresivo e continuado. Traballarase con todo tipo de textos: literarios, expositivos, xornalísticos, publicitarios, gráficos; en soporte impreso ou electrónico. O profesorado de todas e cada unha das áreas e materias de todos os niveis educativos, incluírá nas súas programacións as actividades previstas



- no proxecto segundo a temporalización que nel se acorde, determinando a dedicación real dun tempo mínimo diario para a lectura e a inclusión de prácticas de comprensión e fomento da lectura e da escritura. [...] Realizarase unha avaliación continuada dos avances ou dificultades da posta en marcha do proxecto e das súas concrecións nos plans anuais de lectura. Para a avaliación de aspectos relacionados co hábito lector teranse en conta non só os índices de lectura, senón tamén a capacidade do alumnado para avanzar na súa competencia literaria e ser quen de enfrontarse a textos cada vez máis complexos, así como a súa actitude diante da lectura como medio para a aprendizaxe, fonte de pracer e recurso para o desenvolvemento persoal”).*
- **Á Lei Orgánica 2/2006, de Educación, artigo 19.3** (prescribe: “A fin de fomentar o hábito da lectura se dedicará un tempo diario á mesma”); **artigo 23.3**) (especifica como un dos obxectivos da educación secundaria obrigatoria: “Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e da comunicación”); **artigos 33. d) e g)** (especifica como un dos obxectivos de bacharelato: “Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe, e como medio para o desenvolvemento persoal”; “Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación”); **artigo 26.2** (refírese a un dos principios pedagóxicos que se deben aplicar na educación secundaria obrigatoria: “Nesta etapa prestarase unha atención especial á adquisición e desenvolvemento das competencias básicas e fomentarase a correcta expresión oral e escrita e o uso das matemáticas. A fin de promover o hábito da lectura, dedicarse un tempo á mesma na práctica docente de todas as materias”); e **artigo 113.3** (aclara: “contribuirán a fomentar a lectura e a que o alumno acceda á información e outros recursos para a aprendizaxe do resto das áreas e materias e poida formarse no uso crítico dos mesmos”).
 - **As medidas ditadas en 2011 polo Marco de Referencia sobre as bibliotecas escolares**, feito público polo *Ministerio de Educación, Cultura e Deporte*, que as entende como: “centros de recursos de lectura, información e aprendizaxe: contornos educativos específicos integrados na vida da institución escolar. Apoian ao profesorado no exercicio das súas prácticas de ensinanza e facilitan ao alumnado a aprendizaxe de contidos curriculares, así como a adquisición de competencias e hábitos de lectura, nunha dinámica aberta á comunidade educativa. [...] Deben permitir o acceso a materiais informativos actualizados, diversos, apropiados, suficientes en número e calidade, e contemplar todas as áreas do currículo. Son espazos tamén para a lectura propiciadores de experiencias gratas de encontro e convivencia cos libros e cos recursos culturais en xeral. Deben apoiar os programas do centro no seu conxunto, especialmente aqueles que vaian enfocados á formación no uso crítico e ético da información e na transformación desta en coñecemento.”
 - Ao documento da UNESCO “**Alfabetización Mediática e Informacional: Currículum para profesores**” (2011) e
 - Ao documento **DigComp**, da Comisión Europea, **un marco para o desenvolvemento de competencias dixitais** en Europa publicado en 2013.

Obxectivos xerais

- “Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e da comunicación” (Obxectivo xeral da ESO).
- “Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe, e como medio para o desenvolvemento persoal”; “Utilizar con



solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación” (Obxectivo xeral do bacharelato).

1. Facilitar o tratamento transversal dos contidos e un enfoque interdisciplinar en proxectos e actividades, contribuíndo así a un **cambio metodolóxico** no centro. A biblioteca escolar deberá facilitar o tratamento transversal dos contidos e un enfoque interdisciplinar en proxectos e actividades, e que se han de apoiar nas metodoloxías de aprendizaxe por proxectos, realizando propostas. Neste sentido, propoñeremos e coordinaremos un novo proxecto interdisciplinar de centro.
2. Promover a utilización da biblioteca por parte do profesorado en todas as áreas, etapas e niveis para favorecer a **alfabetización múltiple**, termo co que nos referimos á formación de lectores e lectoras competentes, capaces de realizar unha lectura crítica de textos de diversa tipoloxía, en formatos e soportes variados e con distintas finalidades, segundo específica a Instrucción primeira no punto 9.
3. Impulsar o lema “**ESCRIBIR A BIBLIOTECA ESCOLAR**” que o departamento de Educación da Consellería de Cultura, Educación e O.U. propón ás bibliotecas escolares, neste curso 2022-2023. O lema elixido, quere poñer o foco en todas as formas de escrita que cuida e ofrece a biblioteca escolar. A escrita como medio de comunicación, expresión, creación, información e coñecemento. A imaxe que interpreta este lema proposto para este curso é obra da calígrafa, deseñadora gráfica e mestra de talleres de caligrafía e lettering Belén L. Méndez coñecida como “*nacu*”, que leva xa un tempo colaborando coas bibliotecas escolares en obradoiros.
4. Difundir e retomar, o **VII Certame “Dores Gestoso**”, a fin de promover actividades interdepartamentais.
5. Ser unha biblioteca **inclusiva**, atendendo á **diversidade funcional**, vinculando especialmente ao alumnado que presenta necesidades específicas de apoio educativo (ANEAE), coa creación de espazos e actividades na biblioteca que fomenten a súa acollida e participación (por exemplo, como bibliotecario escolar voluntario), para o que se precisa estabilidade no equipo de biblioteca e dispoñibilidade horaria do mesmo para a súa atención.
6. Incorporar de forma paulatina ás **familias** e ao **alumnado voluntario** (a través do Programa “Bibliotecas Voluntarias”), como usuarios críticos de información e dos medios de comunicación.
7. Distribuír o orzamento asignado á biblioteca (entre o 5 e o 10% do orzamento xeral do centro) entre:
 - a. **A adquisición de materiais** informativos e de ficción actualizados, diversos, apropiados, suficientes en número e calidade, en soporte **impreso, audiovisual ou electrónico**; relacionados cos contidos do currículo ou que poidan cubrir a variedade de intereses de lectura e aprendizaxe, segundo se indica na Instrucción primeira, punto 1 e a *Anotación 1 do Anexo I*. O esforzo da nosa biblioteca debe dirixirse á dotación de **material manipulativo ou creativo**. Os gastos que se deriven da compra dos libros de lectura obrigatoria establecidos polos diferentes departamentos son asumidos pola biblioteca e así se fará constar na ficha de catalogación. A persoa que faga a compra ten que presentar a factura orixinal á secretaria do centro e unha copia da mesma á persoa responsable da biblioteca.
 - b. Continuar coa reorganización do espazo, reubicación e adquisición de **mobiliario** con intención pedagóxica, co obxectivo de incentivar o traballo colaborativo, a comunicación e participación en metodoloxías activas, as aprendizaxes baseadas en proxectos, facilitando ocasións para o encontro entre os distintos membros da co-



munidade educativa en relación coa lectura, o acceso ao coñecemento e a cultura en xeral.

- c. **O incremento do número de ordenadores con acceso a internet.** Neste sentido, a Anotación Primeira, no punto 5 do *Anexo I*, especifica que: *“A biblioteca central deberá contar cun número suficiente de ordenadores con acceso a internet, de forma que se garanta una consulta equilibrada, no mesmo proceso de busca, de distintas fontes informativas. A existencia dunha ‘aula de informática’ no centro, en moitos casos, non é garantía suficiente de acceso aos distintos recursos dixitais para todo o alumnado nos procesos de busca e contraste de información, polo que deberá ter en conta esta circunstancia á hora de redistribuír os equipamentos disponibles. Algúns centros fusionaron xa os espazos de biblioteca e ‘aula de informática’, evolucionando cara un espazo de aprendizaxe multifuncional máis acorde ás novas necesidades educativas”.*
- 8. Realizar unha **xestión centralizada de todos os seus recursos**, como o novo material adquirido pola BE solicitado polos diferentes departamentos. Unha vez rexistrado este material, os departamentos decidirán a súa ubicación para unha optimización dos recursos. Ao longo deste curso valorarase habilitar de novo as **bibliotecas de aula**.
- 9. Revisar, como documento a medio prazo, o proxecto lector de centro á luz das novas necesidades educativas: lectura entendida como alfabetización múltiple e necesidade de traballar de forma intensiva para a adquisición da competencia informacional e mediática, en cumprimento da Instrucción Segunda do citado *Anexo I*. Para evitar a “infoexclusión”, os **proxectos lectores de centro** deberán garantir que ningún alumno nin alumna acaben excluídos do seu dereito á información por non acadar una competencia mínima no uso dos instrumentos e das tecnoloxías que o sistema educativo pon ao seu alcance.
- 10. Recuperar a coordinación entre os constituíntes do equipo da biblioteca. Atendendo á anotación Cuarta. Profesorado responsable da biblioteca escolar e do equipo de apoio; alumnado voluntario, punto 4: **“Unha vez distribuído o horario de atención directa ao alumnado, a dirección do centro deberá dar prioridade á biblioteca escolar e asignar horas lectivas e complementarias ao responsable da biblioteca e ao profesorado do equipo de apoio**, axustadas ao labor que estes docentes realizan en beneficio de toda a comunidade educativa, a efectos de facer rendibles os importantes investimentos realizados nas bibliotecas e de velar polo cumprimento das funcións que lles corresponden no centro educativo.

HORARIO		
Primeiro recreo: de 10:20 h a 10:40 h Segundo recreo: de 12:20 h a 12:40 h		
EQUIPO DE BIBLIOTECA		
DEPARTAMENTOS	PERSOAS e CARGA HORARIA	DÍAS DE ATENCIÓN
Bioloxía e Xeoloxía	Sonia Gay Sánchez	Coord. (3h): martes, mércores e xoves. Gardas biblioteca (1h): martes e venres.
	María Rey Vilas	Gardas biblioteca (1h): martes e mércores.



HORARIO		
Primeiro recreo: de 10:20 h a 10:40 h Segundo recreo: de 12:20 h a 12:40 h		
EQUIPO DE BIBLIOTECA		
DEPARTAMENTOS	PERSOAS e CARGA HORARIA	DÍAS DE ATENCIÓN
Latín	M ^a Jesús Méndez Novoa	Coord. (1h): martes. Gardas biblioteca (1h): xoves.
EPVA	María Garrote	Gardas biblioteca (1,5h): luns e mércores.
Francés	Ana Rodríguez Ríos	Gardas biblioteca (2h): luns, martes, mércores e venres.
Lingua Castelá e Literatura	Silvia Lugalde	Gardas biblioteca (0,5 h): mércores.

Ao longo deste curso:

- ✚ Nos recreos nos que haxa dúas persoas terá lugar PRÉSTAMO E DEVOLUCIÓN de material e uso da biblioteca como SALA DE ESTUDIO ata completar aforo.
- ✚ Nos recreos nos que haxa unha soa persoa terá lugar PRÉSTAMO E DEVOLUCIÓN de material. Poderase usar a biblioteca como sala de estudo cun aforo limitado.

A continuación descríbense as diferentes liñas de actuación da biblioteca.

LIÑAS DE ACTUACIÓN

ORGANIZACIÓN E XESTIÓN TÉCNICA	
✚ OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	✚ ACTIVIDADES
<ul style="list-style-type: none"> - Rexistrar e catalogar os novos fondos adquiridos polos departamentos didácticos co programa Meiga (instalado en rede no portátil da biblioteca). - Informar sobre a actividade da Biblioteca a toda a comunidade educativa (na Sala de Profesorado, no Claustro, na CCP, por medios convencionais e dixitais (blog e web do centro). - Continuar co etiquetado dos fondos audiovisuais incorporando información sobre xénero cinematográfico, idade recomendada e materias coas que están relacionados. - Actualizar a base de datos dos fondos audiovisuais. - Continuar co expurgo da Sección 37 e coa reubicación dos fondos das seccións 80 e 81. Incorporación de materiais sobre 	<ul style="list-style-type: none"> - Peche da BE en setembro para elaboración do PAL e disposición do espazo para o novo curso. - Envío da listaxe definitiva do alumnado por grupos e niveis en formato .csv ou Excel, e do profesorado ao Centro de Atención ao Usuario (CAU) por parte de dirección, publicación de todo o catálogo e adxudicación de número de usuarios. - Rexistro e catalogación dos fondos adquiridos polos departamentos didácticos co programa Meiga instalado en rede nun ordenador portátil. - Continuar coa clasificación por xéneros cinematográficos, tipo de documento e idade recomendada do material audiovisual. - Retomar a participación no Programa "Bibliotecas escolares solidarias" (Plan LIA), coa formación dos bibliotecarios escolares



<p>diversidade funcional (Síndrome de Down, TDAH, bipolaridade, altas capacidades e adquisición de linguas) e a educación emocional, a adolescencia, a resolución de conflitos, estratexias de aprendizaxe cooperativa, a relaxación, etc.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Aplicar as sancións por demora nas devolucións como medida educativa e para un mellor funcionamento da Biblioteca. - Fomentar a participación do alumnado voluntario como xestore/as e dinamizadore/as das actividades programadas, con funcións específicas. - Desenvolver actividades relacionadas coa formación de usuarios para o alumnado de 1º ESO e 2º ESO (clasificación dos fondos e consulta do OPAC). 	<p>como dinamizadores/formadores de usuarios/xestores. Levar a cabo a organización das actividades do alumnado voluntario.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Difusión do sistema de Autoempréstito e a consulta do OPAC. - Clasificación das novas adquisicións de Inglés por nivel de competencia lingüística. - Rotulación da Sección específica con fondos para atender a diversidade funcional (TDAH, altas capacidades, adquisición de linguas...). - Organización do espazo e Deseño de actividades para atención e seguemento do alumnado con NEAE. - Aplicación de sancións por demora nos prazos de devolución. - Supervisión e expurgo dos dicionarios da BE e departamentos depositados nas aulas. - Elaboración da memoria final da BE, con inclusión da Memoria sobre actuacións previstas no Proxecto Lector.
---	---

FOMENTO DA LECTURA

- Colaborar co desenvolvemento dos obxectivos e actividades enmarcadas no Proxecto Lector do centro como o *Club de Lectura*. Este curso manteranse os **clubs de lecturas actuais** (convocados a día 30 de setembro de 2022). Diseñaranse para os diferentes niveis de alumnado como en cursos anteriores e serán coordinados por Ana Mª Rodríguez Ríos, Mª Jesús Méndez Novoa, Ana Cordeiro Souto e Carlos López Domínguez.
- Impulsar actividades e proxectos variados (folletos, exposicións, concursos, obradoiros, encontros con persoas relevantes en distintos eidos...)
- Distribuír entre a comunidade educativa parte dos fondos donados.
- Rematar o acondicionamento do "*Rincón literario*" co obxectivo de que se convirta nun punto de encontro a través da literatura onde se favoreza a comunicación entre os distintos membros da comunidade educativa.

APOIO A OUTROS PROGRAMAS E PROXECTOS DE AULA E/OU CENTRO

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	ACTIVIDADES
<ul style="list-style-type: none"> ➤ Promover un cambio metodolóxico, no marco do desenvolvemento de Proxectos interdisciplinares mediante a proposta dun tema para traballar en común, implicando aos departamentos didácticos e en colaboración co EDLG, como apoio para o exercicio das funcións docentes, favorecendo a aprendizaxe autónoma, o tratamento da lectura comprensiva, o acceso á información e ao seu tratamento dixital. ➤ Favorecer o coñecemento, o respecto e a adquisición da competencia comunicativa 	<ul style="list-style-type: none"> ➤ Presentación dos fondos (divulgativos e de creación, audiovisuais ou dixitais) que existen na BE en relación co proxecto interdisciplinar do curso correspondente ➤ Continuar coa rotulación das fronteiras das escaleiras do centro con vinilos con diferentes temáticas: frases de persoas relevantes nos distintos eidos, títulos de libros, fragmentos de poemas e o seu autor, mulleres galegas, mensaxes positivas, mulleres na ciencia, ... ➤ Colaboración co EDLG na visibilización da lingua e cultura galegas a través da pintura, da escrita, da ciencia,..



<p>en todas as linguas representadas na comunidade educativa, coa fin de evitar discriminacións e potenciar a integración do alumnado procedente doutras comunidades autónomas ou doutros países.</p> <ul style="list-style-type: none"> ➤ Deseño artístico da mesa de xestión da biblioteca, elaborando un mostrador feito con libros. ➤ Colaborar co desenvolvemento do <i>Club de Lectura</i>. ➤ Levar a a cabo encontros con clubs de lectura doutros centros. ➤ Difundir entre os membros da comunidade educativa, en colaboración co EDLG, o <i>Certame "Dores Gestoso"</i> e retomalo na súa VII edición. 	<ul style="list-style-type: none"> ➤ Adquisición e empréstitos de fondos para as familias (dentro do marco Escola de Nais e Pais). ➤ Realización dunha semana cultural que xire en torno aos aspectos traballados polo alumnado e profesorado dos distintos departamentos didácticos dentro do "<i>Proxecto interdisciplinar</i>" proposto neste curso. Exposición dos traballos realizados e do material elaborado, realización de obradoiros e outras actividades.
--	--

ACTIVIDADES ORGANIZADAS E/OU COORDINADAS POLA BIBLIOTECA

- **SAMAÍN:** Obradoiros de reciclaxe para facer adornos de Samaín.
- **DÍA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO** (25 de novembro). Deseño de actividades para traballar nas titorías ao longo do mes de novembro e exposición dos traballos realizados. Montaxe artística na Biblioteca e noutros espazos do centro para darlle a maior visibilidade posible.
- **NADAL:** Montaxe de árbores de Nadal con materiais reciclados ou elaborados polo alumnado. Propostas de actividades aos diferentes departamentos: elaboración de postais, realización de cómics e outros traballos cos personaxes tradicionais, simboloxía e tradicións do Nadal,...
- **DÍA DA MULLER E A NENA NA CIENCIA:** realización de actividades, exposicións, feiras científicas, ... para dar a coñecer mulleres científicas relevantes e achegar a ciencia á comunidade educativa.
- **DÍA DE ROSALÍA:** Exposicións, elaboración de postais... en colaboración co EDLG.
- **ENTROIDO:** Recuperación do entroido tradicional galego, personaxes, ritos e costumes da contorna. Continuar coa actividade proposta nos últimos anos pola biblioteca: "*E logho ti..., quen ves sendo?*"
- **DÍA INTERNACIONAL DA MULLER TRABALLADORA** (8 de marzo). Retomar as actividades relacionadas co *Certame "Dores Gestoso"*. Diseñar outras actividades de sensibilización para o alumnado e expoñer os resultados. Photocall reivindicativo.



- **DÍA DA POESÍA, 21 de marzo.** Organización de recitáis poéticos. Elaboración de manuscritos con poesías escritas ou seleccionadas polo alumnado para ser entregadas como agasallos.
- **MES DO LIBRO: CONCURSO DE LECTURA** (Dpto. de Lingua Castelá e Literatura) entre alumnado de 1º e 2º ESO.
- **MES DO LIBRO: CONCURSO DE CREACIÓN LITERARIA:** (Departamento de Lingua Castelá e Literatura) entre alumnado de 3º, 4º ESO e 1º Bach.
- **OBRADOIRO DE CREACIÓN POÉTICA DA REIVINDICACIÓN DO PAPEL DA MULLER,** (Dpto. de Lingua Galega e Literatura) para alumnado de 3º de ESO.
- **SEMANA DAS LETRAS GALEGAS (17 maio)** en homenaxe ao intelectual e fundador da editorial Galaxia, *Francisco Fernández del Riego*.
- **OUTRAS ACTIVIDADES** que xurdan a medida que se desenvolva o curso.
- **DEPARTAMENTOS DIDÁCTICOS** para facilitar a aprendizaxe autónoma, o tratamento da lectura comprensiva en cada área curricular, a educación no acceso á información así como ao seu tratamento e competencia dixital.

ACTIVIDADES ESPECÍFICAS PREVISTAS POLOS DEPARTAMENTOS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO LECTOR DO CENTRO (2022-2023)		
TODOS OS NIVEIS		
MATERIA	ACTIVIDADE	TIPOLOXÍA DAS ACTIVIDADES
BIOLOXÍA E XEOLOXÍA	<p>Consideramos que o ensino das ciencias ten unha finalidade primordial: lograr que todo o alumnado teña acceso a unha cultura científica que lle permita comprender e actuar na vida cotiá con responsabilidade e participar activamente na procura de solucións aos problemas, o cal require profundas transformacións no ensino das ciencias tales como proporcionar un enfoque cada vez máis humanista, que poña de relevo a contribución das ciencias á cultura xeral e preste especial atención aos problemas éticos relacionados co desenvolvemento científico–tecnolóxico; a familiarización dos estudantes con métodos e modos de pensar e comportarse característicos da actividade científico – investigadora contemporánea; e o desenvolvemento dunha actitude crítica, reflexiva, responsable, transformadora e solidaria, diante dos problemas da humanidade e do seu entorno. Un valioso instrumento para lograr estes fins é a lectura e análise de textos que conecten Ciencia- Tecnoloxía e Sociedade.</p> <p>Pendientes de que se concreten as liñas xerais do Plano Lector, desde o departamento preténdese contribuír ao fomento da lectura comprensiva e marcámonos como obxectivo primordial a alfabetización científica do alumnado a través das seguintes actividades:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Lectura e comprensión de textos do libro do alumno. 2. Lectura comprensiva de enunciado de problemas. 	<p>Alfabetización científica</p> <p>Lectura crítica</p> <p>Fomento da lectura</p>



	<ol style="list-style-type: none"> 3. Lectura diaria de textos de carácter científico relativos aos contidos das diferentes materias. 4. Realización de dossier de prensa, que conleva a busca de noticias relacionadas co medio natural (consumo de recursos, diversidade de ecosistemas, impacto ambiental, catástrofes naturais, ...) en medios de comunicación diversos, lectura e comentario crítico, que poña de manifesto as interaccións Ciencia- Tecnoloxía- Sociedade - Ambiente. 5. Uso de dicionarios para comprender o significado de vocabulario técnico. 6. Selección e elaboración propia de textos científicos sinxelos para atender á diversidade de alumnado de cada grupo, especialmente ás ACI. 7. Visitas a exposicións e elaboración de traballos escritos. 8. Uso da aula virtual para consultas documentais. 9. Elaboración do blog <i>Ciencia sen límites</i>. 10. Páxina de <i>google plus</i> do profesorado con recursos para o alumnado. 11. Participación no proxecto interdisciplinar do presente curso escolar da biblioteca 12. Recomendación de lecturas (narrativa, ensaio) dun nivel axeitado para cada idade relacionadas coas Ciencias Naturais. <p>LECTURAS RECOMENDADAS</p> <p>Para 1º e 2º de ESO: Fernández Paz, A, <i>As flores radiactivas</i> Kelly, J, <i>A evolución de Calpurnia Tate</i> Sepúlveda, L, <i>Historia dunha gaivota e do gato que a aprendeu a voar</i> Nöstlinger, C, <i>Konrad o el niño que salió de una lata de conservas</i></p> <p>Para 3º e 4º de ESO: Muñoz Puelles, V, <i>2083</i> Gripe, M, <i>Los escarabajos vuelan al atardecer</i> Gómez, S, <i>Eu simio</i> Fernández Paz, A, <i>Trece anos de Blanca</i></p> <p>Para Bacharelato: Dawkin, R, <i>O xene egoista</i> Bryson, B, <i>Una breve historia de casi todo</i> Asimov, I, <i>O Universo</i> Huxley, A, <i>Un mundo feliz</i> Mariño, X, <i>Terra</i></p> <p>MATERIAL AUDIOVISUAL <i>Contact / La princesa Mononoke / Diamantes de sangre / Avatar / Un lugar en el mundo / Odyssey/ Los últimos días del Edén / El chico de la burbuja de plástico / La decisión de Anne / El aceite de la vida/22 ángeles / Rapa Nui / Moon / 12 monos / La jetée / Minority Reporter / Erin Bronkovic / Una verdad incómoda / Guerra mundial Z / Philadelphia / El día de mañana; 2012...</i></p> <p>OUTRAS LECTURAS: <i>A flor de piel</i> (Javier Moro), <i>Ángeles custodios</i> (Almudena de Arteaga), <i>Eres una bestia</i>, <i>Viskovitz</i> (Alessandro Boffa), <i>Mi familia y otros animales</i>, <i>Bichos y demás parientes</i>, <i>El jardín de los dioses</i> (Gerard Durrell), <i>Os nenos da varíola</i> (María Solar), <i>Para salvar el mundo</i> (Julia Álvarez).</p>	<p>Contribución ao desenvolvemento das competencias básicas</p>
<p>ECONOMÍA</p>	<p>ECONOMÍA: 4º ESO e 1º de Bacharelato.</p> <p>A configuración dun proxecto lector do Centro esixe que en todas as áreas se concreten as actividades a desenvolver relacionadas coa lectura, a obtención de información de diversas fontes e a produción de coñecemento.</p> <p>Unha das iniciativas neste sentido que propón o Departamento é a solicitude das maletas viaxeiras de Economía, ofertadas pola servizo de Bibliotecas Escolares da Xunta de Galicia.</p> <p>Trátase dun conxunto de libros e vídeos en préstamo durante 30 días. A proposta do Departamento é solicitala e traballar intensivamente sobre estes contidos durante o terceiro trimestre, especialmente na materia de Economía de 1º de bacharelato e de 4º da ESO. Como resultado realizaranse fichas-resumo deste material que se incorporarán á biblioteca do Centro. No caso de non poder contar con este material, o traballo efectuarase cos fondos que posúe o IES e posibles incorporacións consensuadas co equipo da biblioteca.</p> <p>A procura de información na rede e a súa análise é unha das habilidades fundamentais ante a avalancha de información consecuencia da globalización. O problema fundamental da</p>	<p>Fomento da lectura</p> <p>Contribución ao desenvolvemento das competencias básicas</p>



información na rede é seleccionar fontes fiables e, dentro destas, a información relevante para comprender os fenómenos socioeconómicos. Ademais das webs dos organismos oficiais, o Departamento de Economía propón un listado de webs de referencia na materia tanto na aula como na biblioteca:

www.econoaula.com
www.ecomur.com/
www.ecobachillerato.com/
<http://econoweb.es/>
<http://economiasinfronteras.wordpress.com/>
<http://www.econoplastas.org/>
<http://eduardogarzon.net/>
<http://www.juantorreslopez.com/>
<http://agaedes.blogspot.com.es>
<http://www.eumed.net>
<http://www.webeconomia.com>
<http://www.edualter.org>
<http://www.rebellion.org/seccion.php?id=28>
<http://www.attac.es/>
<http://www.cooperativasdegalicia.com/>
<http://www.ige.eu>
<http://www.testeando.es>
<http://aulavirtual.bde.es>
<http://ecobitacora.blogspot.com.es>

En todas as materias que imparte o Departamento, a produción de materiais dixitais é unha constante, tal como se explica na programación de cada materia. O acceso a estes materiais forma parte da docencia destas materias parte da docencia destas materias. Atópanse aloxados na aula virtual do IES.

Finalmente, o Departamento de Economía manifesta a súa intención de participar activamente en cantas actividades se dinamicen desde a biblioteca do IES.

2º BACHARELATO: ECONOMÍA DA EMPRESA.

Entre os materiais e recursos didácticos para o desenvolvemento da programación das materias que dependen deste departamento, citáronse expresamente a prensa xeral e, máis especificamente, a prensa económica que serán utilizadas como recursos didácticos que contribuirán a achegar ao alumnado á actualidade económica ademais de desenvolver a súa comprensión lectora e enriquecer o seu vocabulario.

Por outra parte, no marco do Plan Lector, en relación coa promoción da lectura, recoméndase ao alumnado que cursa algunha das materias que imparte este departamento, a lectura e/ou consulta dalgunha das obras que aparecen a continuación, en particular para o alumnado de Economía da Empresa de 2º de bacharelato:

El libro prohibido de la Economía. Lo que las marcas, los bancos, las empresas, los gobiernos, ... no quieren que sepas. Fernando Trías de Bes. Espasa.

Éxito para perdedores. David Cantolla y Juan Díaz-Faes. Astiberri.

Stop basura: la verdad sobre reciclar. Alex Pascual.

Espíritu de aventura. Los 7 retos del emprendedor. Albert Bosch. Ed. Empresa Activa.

La vaca púrpura. Seth Godin. Ed. Gestión 2000.

La Economía del hidrógeno. La próxima Gran Revolución económica. Jeremy Rifkin. Ed. Paidós.

Generación de modelos de negocio. Alexander Osterwalder & Yves Pigneur. Ed. Deusto.

Como libros de consulta propóñense:

Curso básico de Economía da Empresa. Un enfoque de organización.



	<p>Eduardo Bueno Campos. Pirámide. Marketing en el siglo XXI. Rafael Muñiz González. Ed. Centro de Estudios Financieros. Exercicios de Economía xeral e de empresa. CEF.</p>	
<p>EDUCACIÓN FÍSICA</p>	<p>Integradas dentro do proxecto lector e como factor primordial para o desenvolvemento das competencias básicas e a consecución dos obxectivos xerais de etapa, levaremos a cabo as seguintes actuacións:</p> <p>Actividades relacionadas co fomento da lectura: Lectura de apuntamentos, textos e artigos propostos na aula para o desenvolvemento das distintas unidades didácticas. Subscrición a unha revista especializada (<i>Sport Life, Runners...</i>) que se empregará nas clases como apoio ás explicacións teórico-prácticas. Seguir potenciando o uso e ampliar os fondos da zona dedicada a lecturas relacionadas co mundo da actividade física, saúde e deporte emprazada no ximnasio (revistas, monografías e libros especializados) e do xogo tradicional en colaboración coa biblioteca. Crear un espazo de lectura no pavillón para ser empregado nos tempos de lecer. Recompilar os títulos dos textos especializados (bibliografía) situados na biblioteca e no departamento, elaborar unha relación e dalos á coñecer ao alumnado. Lecturas recomendadas por curso e trimestre: trataremos de axustar a colección de textos de temática deportiva e incluír algún libro de ciencia e deporte. O alumno/a que demostre ter lido as recomendacións (mediante resumos, comentarios críticos, cuestionarios entregados polo profesorado...) terá unha valoración positiva no apartado de actitudes. Así mesmo, proporase aos alumnos lesionados unha lectura e a realización dunha proba da mesma, que se incluírá coma nota práctica, xunto cos traballos e a coavaliación.</p> <p>1º ESO</p> <ul style="list-style-type: none"> • NAHRGANG, F.: <i>El partido del año</i> Colec. <i>Locos por el fútbol</i> Ed. Edelvives • GOSCINNY: <i>Astérix en los Juegos Olímpicos.</i> <p>2º ESO</p> <ul style="list-style-type: none"> • SIERRA I FABRA, J.: <i>El último set.</i> • LAMARCA, T.: <i>Lágrimas por una medalla.</i> <p>3º ESO</p> <ul style="list-style-type: none"> • VÁZQUEZ MONTALBÁN, M.: <i>El delantero centro fue asesinado al atardecer.</i> • EIRÉ, A.: <i>O penalti de Fuco,</i> Ed. Baía. <p>4º ESO</p> <ul style="list-style-type: none"> • DELIBES, M.: <i>La vida sobre ruedas.</i> • PÉREZ REVERTE, A.: <i>El maestro de esgrima.</i> <p>1º BAC</p>	<p>Educación documental</p> <p>Fomento da lectura</p> <p>Contribución ao desenvolvemento das competencias básicas</p>



	<ul style="list-style-type: none"> • MURAKAMI, H.: <i>Do que estou a falar cando falo de correr</i>, Ed. Galaxia. • LÓPEZ NICOLÁS, JM.: <i>La ciencia de los campeones</i>. <p>Actividades relacionadas co tratamento da información:</p> <ul style="list-style-type: none"> - A utilización da biblioteca para buscar información sobre os contidos traballados. Facilitarase bibliografía para ampliar coñecementos. Intentarase ampliar o catálogo de libros relacionados coa actividade física, deporte e saúde. Vaise facer unha proposta ao equipo da biblioteca para a adquisición dos seguintes libros: <ul style="list-style-type: none"> • Más que olímpicas, de Paloma del Río (Ed. Timun Mas): ISBN: 9788448027537 • Actividad física, alimentación y salud. Guía para estudiantes de secundaria y bachillerato, de Rafael Nogés Martínez (Educalia Editorial). ISBN: 978-84-18269-31-8 - Realización dun Circuito de forza-resistencia en 4º ESO presentado en formato dixital. Terán que buscar exercicios nas páxinas web indicadas para tal fin e nos libros recomendados da biblioteca. - Realización dun "Programa Individual de Mellora da Condición Física" en 1º Bach, presentado en formato dixital. Terán que buscar información nas páxinas web indicadas para tal fin e nos libros recomendados da biblioteca. - Participación no Concurso Dores Xestoso na modalidade divulgativa, buscando unha temática deportiva, galega e feminista relacionado coa UD que se estea traballando. <p>Actividades relacionadas co fomento da escritura:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Os alumnos/as lesionados elaborarán traballos escritos sobre os contidos prácticos, tendo que presentalos ante os seus compañeiros/as unha vez rematados. Terán que indicar tamén a bibliografía empregada. Daráselles unha rúbrica de elaboración de traballos escritos para que cumpran uns criterios de redacción, elaboración e presentación dos mesmos. 	
<p>EPVA</p>	<p>A través do Proxecto Lector, na materia de Educación Plástica Visual e Audiovisual, trabállase a Competencia en Comunicación Lingüística (CCL). Esta competencia céntrase na utilización da linguaxe como ferramenta de comunicación oral e escrita, de aprendizaxe e de regulación de condutas e emocións. A linguaxe é o instrumento de aprendizaxe por excelencia, de construción e comunicación do coñecemento e axuda a representar a realidade, a organizar o pensamento e a aprender. A adquisición da competencia lingüística na área de Educación Plástica Visual e Audiovisual é clave para entender, enriquecer e encher de novos matices comprensivos e expresivos os contidos que desenvolve. Unha aprendizaxe da área de Educación Plástica Visual e Audiovisual baseado no desenvolvemento de destrezas comunicativas contribuirá de maneira significativa ao desenvolvemento intelectual dos alumnos.</p> <p>Á parte de levar a cabo actividades comúns propostas no Proxecto Lector do Centro, dende a nosa materia traballaranse habilidades relacionadas coa lectura do seguinte xeito:</p> <ul style="list-style-type: none"> - As linguaxes integradas como a publicidade, o deseño, o 	<p>Fomento da lectura</p> <p>Lectura crítica</p>



	<p>multimedia ou a banda deseñada, usan textos de forma cotián. Dende a materia, farase fincapé na comprensión lectora do alumnado para que interprete correctamente as relacións da linguaxe visual coas outras linguaxes, así como tamén se buscará, mediante prácticas concretas, capacitar ó alumno para a creación de diferentes textos integrados nesas linguaxes (textos narrativos, descritivos, expositivos e argumentativos).</p> <p>- Proporanse unha actividade de ilustración, por curso e avaliación na materia de EPVA, a partir de contos breves ou lendas. Dende esta actividade, como proxecto interdisciplinario cos Departamentos de Linguas, buscarase a reflexión sobre a interacción da linguaxe visual coa escrita.</p> <p>- Proporase unha actividade de banda deseñada, por curso na materia de EPVA no inicio da segunda avaliación, en colaboración co Departamento de Dinamización Lingüística. Dende esa actividade buscarase a reflexión sobre os distintos recursos visuais, gráficos e lingüísticos empregados na narración a través de imaxes secuenciais.</p> <p>Nas aulas de EPVA haberá unha biblioteca de aula que constará de:</p> <ul style="list-style-type: none"> Libros e materiais visuais do Departamento de Artes Plásticas. Libros, novelas gráficas e cómics de lectura optativa que se presentarán ao principio de cada trimestre. <p>Estes libros, novelas gráficas e cómics estarán a disposición do alumnado na biblioteca de aula e tamén na Biblioteca do Centro en empréstanos, ou en descargas na rede como enlaces dende os cursos correspondentes da Aula Virtual.</p> <p>Ademais os alumnos terán que ler as instrucións das distintas láminas, así como textos específicos que lles indicará o profesorado en distintos soportes e que lle servirán de apoio para a consecución dos distintos contidos. A comunicación oral e escrita e a busca e transformación de información na rede serán aportacións significativas coas que se traballará na aula.</p> <p>Libros de lectura</p> <p>No primeiro ciclo da ESO proporase a lectura de cómics como práctica optativa:</p> <p>1º ESO</p> <p>Pedro y el lobo. Miguelanxo Prado. Norma Editorial 1998 Os lobos de Moeche. Manel Cráneo. Demo Editorial 2009 Bone. Jeff Smith. Editorial Astiberri 1991 Solos. Gazzotti/Vehlmann. Dibbuks 2007 Asterix. Goscinny/Uderzo. Salvat 1959 Tintin. Hergé. Juventud 1950 Lucky Luke. Goscinny/Moris. Planeta 1946 El botones de verde caqui. Oliver Schwartz/Yann. Dibbuks 2015 El viaje de Darwin. José Fonollosa. Planeta 2009 La invención de Hugo Cabret. Brian Selznick. Ediciones SM 2007</p> <p><u>Lecturas para ilustrar:</u></p> <p>El conde Sisebuto. Joaquín Abati Díaz Canción del pirata. José de Espronceda ¡Qué asco de bichos! Roal Dahl. Editorial Alfaguara 2008 Los fantasmas favoritos de Roal Dahl. Antología. Blackie books 2018</p> <p>No segundo ciclo da ESO proporase a lectura de libros e novelas gráficas como práctica optativa:</p> <p>3º ESO</p> <p>Café Budapest. Alfonso Zapico. Editorial Astiberri 2008 300. Frank Miller/Lynn Varley. Norma Editorial 1998 Zits. Scot y Borgman. Norma Editorial 1997</p>	<p>Contribución ao desenvolvemento das competencias básicas</p>
--	--	---



	<p>Blacksad. Díaz Canales. Norma Editorial 2001 Sen mirar atrás. Dani Montero. Demo Editorial 2011 HOKUSAI. Shotaro Ishinomori. Akira cómics <u>Lecturas para ilustrar:</u> El enamorado y la muerte. Anónimo Romance del prisionero. Anónimo Cuentos en verso para niños perversos. Roal Dahl. Editorial Alfaguara 2007</p>	
<p style="text-align: center;">FILOSOFÍA</p>	<p>Obxectivos:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Desenvolver a competencia lectora, coa mellora da capacidade de lectura comprensiva e do hábito lector. 2. Incidir na ampliación dos coñecementos sobre a materia, o vocabulario, os contidos e a súa aplicabilidade a contextos diversos. 3. Afondar nos procesos de busca de información. 4. Desenvolver o tratamento da información e a competencia dixital e artística <p>Actividades:</p> <ol style="list-style-type: none"> 5. Lectura en voz alta. 6. Exercicios de lectura compartida e comprensiva. 7. Debate sobre os temas centrais das lecturas. 8. Exercicios de ampliación de vocabulario específico da materia. 9. Elaboración de comentarios de texto filosófico. 10. Elaboración de mapas conceptuais. 11. Análise e comentario de películas e documentais. 12. Reflexión sobre diferentes temas mediante artigos xornalísticos. 13. Realización de traballos que implican recoller información de medios diversos, analizala, tratala e reelaborala. 14. Exposicións orais. <p>Lecturas recomendadas: VALORES ÉTICOS 1º ESO Traballo a partir da lectura de fragmentos das obras: <i>Contos para nenos pillabáns, Prèvert</i> Poemas, Prèvert <i>Del revés,</i> <i>Poemas para niños, Alberti</i> Artigos de prensa Biografías. Nelson Mandela- Castelao. 2º ESO <i>Ser cidadán,</i> Edit Galinova (capítulos seleccionados) <i>El señor de las moscas</i> <i>De un país lejano,</i> Ángela Ionescu <i>Contos, Oscar Wilde</i> Artigos de prensa. Biografías. Steve Biko 3º ESO <i>Ser cidadán</i> Edit Galinova (capítulos seleccionados) <i>Criadas y señoras,</i> Kathryn Stockett (capítulos seleccionados) <i>As mulleres e a filosofía,</i> Ines Fernández Buján (capítulos seleccionados) 4º ESO <i>La visita maravillosa,</i> H.G. Wells <i>El viejo y el mar,</i> Hemingway <i>A lliada,</i> Homero (escolma de textos) <i>¿Para qué sirve realmente la ética?</i> Adela Cortina (capítulos seleccionados) <i>Constitución Española.</i> Títulos seleccionados. <i>Vigo es Vivaldi,</i> José Ramón Ayllón Edit. Buño <i>Home, historia de un viaje.</i> Documental. ORATORIA 2º ESO Actividades baseadas na busca e análise da información, creación de textos. Teatro: <i>¡Mitos clásicos... A escena!</i> Josefa Urrea Méndez <i>O achado do castro,</i> Manuel Núñez Singala Edi.Sotelo blanco. Poesía: <i>La oca loca.</i> Gloria Fuertes, Edit. KalandraKa. Poesía: Alberti, Lorca, Nicolas Guillén</p>	<p>Fomento da lectura</p> <p>Contribución ao desenvolvemento das competencias básicas</p>



	<p>Antipoemas, Nicanor Parra Historias e contos populares da Costa da Morte.</p> <p>FILOSOFÍA 1º BACHARELATO Lecturas recomendadas 1º de Bacharelato: <i>Platón y un ornitorrinco entran en un bar.</i> T Cathcart e D. Klein. <i>Filosofía para bipedos sin plumas</i> (Unboxing Philosophy) – D. Rosende. <i>Filosofía en viñetas</i> – M. F. Patton, K. Cannon. <i>El mundo de Sofía</i>, J. Gaarder, Siruela. <i>Deseo de ser punk</i>, Belén Gopegui. <i>Iniciación a la filosofía</i> – Felipe Martínez Marzoa <i>Historia de la filosofía</i> – F. Copleston <i>Filósofas o barbarie</i> – Gallardo; Míguez <i>Diccionario de filosofía</i> – Ferrater Mora <i>Sabidurías orientales de la antigüedad</i> – Teresa Román <i>Síntesis sistemática de la filosofía africana</i> – Eugenio Nkogo Ondó <i>As mulleres na filosofía</i>, Ines Fernández Buján <i>El mercado y la globalización</i>, J.L. Sampedro. Ademais da lectura de diversos artigos (prensa, ensaios,...) análise interpretativo do documental: "Home, historia de un viaje" e A Odisea de especie, de Yves Coppens.</p> <p>PSICOLOXÍA 2º BACHARELATO Selección de textos dos autores recomendados: 1º trimestre <i>Atrévete a no gustar – Libérate de tus miedos y alcanza la verdadera felicidad</i>, I. Kishimi, F. Koga, Zenith, 2013. <i>Psicología crítica</i> – D. Pavón-Cuéllar <i>Lo que el cognoscitivismo no entiende del conductismo</i>, J. A. Robinson, @Conducteam (web e RRSS). <i>Filosofía de la psicología</i> – M. Bunge; R. Ardila <i>¿Qué es esa cosa llamada ciencia?</i> – Alan F. Chalmers <i>Una introducción al método científico en psicología</i> – R. Bayés <i>Sobre el conductismo</i> – B. F. Skinner <i>El concepto de lo mental</i> – G. Ryle <i>El cerebro milenial</i>, Nacho Roura (@Neuronacho), Ed. Random, 2022. Cine. Visionado das seguintes películas ou fragmentos. <i>O Cárcere</i> de Stanford. <i>Despertares</i>. Penny Marshall (1990). <i>Solaris</i>. Tarkosky (1972). <i>El niño salvaje</i>, Truffaut.</p> <p>2º trimestre <i>Atrévete a ser feliz</i>, I. Kishimi, F. Koga, Zenith, 2017. <i>Irracionalidad: el enemigo interior</i>. Sutherland, Alianza Editorial, 1996. <i>Engurras</i>, novela gráfica de Paco Roca. El Patito Editorial, 2007. <i>Pensar rápido, pensar despacio</i>. Daniel Kahneman, Ed. Debate, 2014. <i>Walden 2</i>, Skinner. Cine. Visionado das seguintes películas ou fragmentos: <i>Memento</i>. C. Nolan (2000). <i>El milagro de Anne Sullivan</i>. Arthur Penn (1962). <i>El hombre elefante</i>, D. Lynch. <i>El experimentador</i> (sobre Stanley Milgram). <i>Te doy mis ojos</i>, I. Bollain.</p> <p>3º trimestre <i>El universo de las emociones</i>. Rafael Bisquerra, Eduard Punset e Palau Gea. <i>La estrategia del Océano Azul</i>. W. Chan Kim e Renee Mauborgne. <i>El método Grönholm</i>. J. Galceran, 2005. <i>Un feliz novo mundo</i>. A Huxley. Edicións Xerais (1996).</p> <p>HISTORIA DA FILOSOFÍA 2º BACHARELATO Lectura e comentarios de textos filosóficos de autores representativos da filosofía occidental. <i>Platón, Aristóteles, Agostiño de Hipona, Tomé de Aquino, Descartes, Locke, Hume, Kant, Marx, Nietzsche, etc.</i></p>	
--	--	--



	<p><i>El mundo de Sofía</i>, J. Gaarder <i>Iniciación a la filosofía</i> – Felipe Martínez Marzoa <i>Historia de la filosofía</i> – F. Copleston <i>Platón: El filósofo de Atenas</i> – Á. Vallejo Campos <i>El problema del ser en Aristóteles</i> – P. Aubenque <i>Introducción a Kant</i> – F. Arroyo; M. Jaén <i>Introducción a la lógica de Hegel</i> – R. Aragüés <i>Crítica de la Economía Política: Una introducción a El Capital de Marx</i> – M. Heinrich <i>Heidegger</i> – A. Leyte <i>Dialéctica de la Ilustración</i> – T. Adorno; M. Horkheimer <i>Feminismos: Debates teóricos contemporáneos</i> – Beltrán; Maquieira <i>Feminismos negros: Una antología</i> – Mercedes Jabardo <i>As mulleres na filosofía</i>, Ines Fernández Buján <i>El corazón de Ulises</i>, Javier Reverte. <i>Aristóteles. O mestre dos que saben</i>. Alfredo Marcos. <i>Moral y sociedad</i>, Aranguren.</p>	
<p>FÍSICA E QUÍMICA</p>	<p>A mellora da competencia en comunicación lingüística do alumnado é fundamental para facilitar o desenvolvemento do resto das competencias básicas, así como para unha transmisión eficaz da información e do coñecemento na contorna escolar e en todos os ámbitos.</p> <p>Dende a área de Física e Química quérese contribuir ao fomento da lectura; para facilitar esta tarefa, recóllense un conxunto de suxerencias de lectura, a partir das cales se pode elaborar un plan de traballo no que se utilicen como ferramenta principal os textos e as lecturas, e co cal se poida dirixir unha parte da aprendizaxe, motivar, divertir, espertar a curiosidade, fomentar a reflexión e a crítica, e transmitir o coñecemento.</p> <p>Neste plan de fomento da lectura ofrécese unha selección de lecturas relacionadas cos contidos propios da materia, así como textos literarios de ficción onde a Física e a Química, nun sentido máis amplo, son protagonistas.</p> <ul style="list-style-type: none"> • O material dirixido ao alumnado é o seguinte: <ul style="list-style-type: none"> – Selección de textos divulgativos. Libros de literatura de ficción cuxos contidos, pola súa relación con esta materia, poden axudar a espertar o interese do alumnado pola lectura. – Selección de títulos divulgativos de carácter xeral e/o científico. Libros cuxa lectura, pola súa temática, poden ser de interese para o desenvolvemento da materia. – Selección de lecturas recomendadas. Son lecturas e fragmentos de texto de procedencia moi diversa, seleccionados polo profesorado pola súa estreita relación cos contidos da materia de Física e Química tratados na unidade. Nalgunas lecturas incluídas no material para desenvolver as competencias e para adestrar probas baseadas en competencias, preséntanse fragmentos de textos (literarios, periodísticos, científicos...) cos que se pretende reforzar as competencias básicas, utilizando como fío conductor a comprensión lectora. – Fichas de traballo para o rexistro de lectura dos textos divulgativos e dos libros recomendados por unidade, e fichas para traballar co texto. • Algunhas propostas de material como textos divulgativos ou de carácter xeral e/ou científico, serían: <ul style="list-style-type: none"> <i>El detective ausente</i>. David Blanco Laserna, Anaya. <i>Galileo envenenado</i>. David Blanco Laserna, Anaya. <i>As flores radiactivas</i>. Agustín Fernández Paz. Xerais <i>El rayo azul</i> (Marie Curie, descubridora del radio). Vicente Muñoz Puelles, 	<p>Alfabetización científica</p> <p>Lectura crítica</p> <p>Contribución ao desenvolvemento das competencias básicas</p> <p>Fomento da lectura</p>



	<p>Anaya.</p> <p>La clave secreta del Universo. Lucy and Stephen Hawking. Editorial Montena</p> <p>La puerta de los tres cerrojos. Sonia Fernández Vidal. Editorial La Galera</p> <p>El guardián de la gravedad. Michael Reisman. Editorial Destino.</p> <p>La guía manga de Física. Hideo Nitta, Keita Taratsu, Trend-Pro Co., LTD. Ediciones Gondo</p> <p>Cómo salvar al mundo con el aliño de ensalada. Thomas Byrne y Tom Cassidy,. Alianza.</p> <p>Grandes ideas de la ciencia. Isaac Asimov, Alianza Editorial.</p> <p>No hace falta ser Einstein. Ben Miller, Alianza Editorial.</p> <p>Serendipia. Royston M. Roberts, Alianza Editorial.</p> <p>Eso no estaba en mi libro de Historia de la Química. Alejandro Navarro, Editorial Guadalmazán.</p> <p>ACTIVIDADES:</p> <p>1- Lectura dos propios libros de texto, xornais e revistas de divulgación científica, dende 2º de ESO ata 1º de Bacharelato, para aumentar a comprensión oral e a expresión escrita.</p> <p>2- Lectura de textos de Historia da Ciencia, adecuados aos niveis educativos correspondentes.</p> <p>3- Selección de lecturas relacionadas cos contidos do currículo de Física e Química.</p> <p>4- Seguimento das lecturas realizadas polo alumnado por parte de cada profesor/a, mediante lecturas individuais e pequenas charlas das lecturas.</p> <p>5- Realización de “Traballos con documentos”, nos niveis da ESO, que lles serán proporcionados ao alumnado. Traballos que consistirán en facer primeiro unha lectura comprensiva do texto, despois un pequeno resumo escrito ou esquema do lido, para rematar contestando a unha serie de preguntas sobre o documento en cuestión.</p> <p>Desenvolvemento das competencias lectora e escrita:</p> <p>As actividades propostas con lecturas relacionadas coa Ciencia e coa Física e Química en particular, pretenden que, a partir delas, o alumnado sexa capaz de :</p> <p>1- Distinguir e identificar as ideas principais e xerais dun texto.</p> <p>2- Clasificar, se procede, as distintas partes do texto.</p> <p>3- Entender o contido e comentalo.</p> <p>4- Reflexionar sobre o contido dos textos e relacionalos cos coñecementos e experiencias.</p> <p>5- Extraer a utilidade, a nivel de pensamento e de práctica, dos contidos dos textos.</p> <p>6- Coñecer datos e anécdotas do/a autor/a, se se considera interesante.</p> <p>7- Coñecer as normas ortográficas que rexen o uso da nosa Lingua.</p> <p>8- Expresar de forma correcta, dacordo coas normas establecidas, as súas ideas.</p> <p>9- Elaborar resumos dos textos propostos: breves ou extensos, orais ou escritos.</p> <p>10- Elaborar traballos monográficos nos que se poñan de manifesto normas de presentación, corrección ortográfica, etc.</p>	
	<p>O propio proceso de aprendizaxe da nosa materia baséase na lectura como un dos seus pilares fundamentais.</p> <p>Os obxectivos a acadar o departamento de francés son:</p> <p>1. Que o alumnado se familiarice coa lectura nunha lingua estranxeira, neste caso o francés.</p> <p>2. Que a través desa lectura aprenda cada vez máis</p>	



<p>FRANCÉS</p>	<p>vocabulario, estruturas, cultura e civilización dos países francófonos primeiro, pero tamén do resto do mundo.</p> <p>3. Que disfrute con esas lecturas para que sexa el mesmo o que as demande, sen necesidade de impoñelas.</p> <p>Para iso propoñemos as seguintes actividades:</p> <ul style="list-style-type: none">- En cada clase de francés, farase lectura en voz alta de tódolos textos que aparecen en cada tema e demais soportes (xornais, bandas deseñadas...) coa fin de que os alumnos empreguen a entoación correcta así como a pronuncia adecuada para que o texto teña un sentido. Cando se trate de fragmentos de teatro ou diálogos, estes serán representados polos alumnos na clase.- Realizaranse actividades de animación a escritura (blog, contos, poesía, traballos divulgativos...)- Colaborarase coas actividades de animación lectura (Club de lectura,...)- Proxeccións de películas en versión orixinal e realización posterior de fichas pedagóxicas, resumos ...- Favorecer a Educación documental. Traballos de investigación. (Como investigamos, como presentamos a información ...)- Formación de usuarios da biblioteca. Utilización da biblioteca como centro de recursos. Coñecer os fondos de nosa materia.- Participación no Proxecto Interdisciplinar do centro proposto este curso pola Biblioteca.- Participación nun Club de lecturas actuais dirixido ao alumnado de 1º e 2º de ESO. <p><u>Actividade de formación de usuarios (1º ESO):</u> <u>DEPARTAMENTO DE FRANCÉS (<i>Le Petit Prince</i>)</u></p> <p>Actividade de formación de usuarios da biblioteca (1 sesión):</p> <ul style="list-style-type: none">-Na aula, o profesor, coa axuda do ordenador, fará unha pequena introdución sobre o autor da obra, Antoine de Saint-Exupéry, buscando imaxes da época. Falará da aviación postal, da Segunda Guerra Mundial,...-Crearanse grupos de traballo de tres ou catro persoas.-Nos ordenadores dos alumnos (un por cada grupo), buscarán imaxes da portada do libro para familiarizarse con ela.-No enlace da web da biblioteca: [www.opacmeiga.rbgalicia.org] (no que hai que localizar o noso concello e a nosa biblioteca, ou ir directamente ao enlace [http://www.opacmeiga.rbgalicia.org/BuscaAvanzada.aspx?CodigoBiblioteca=CED046]) facer unha búsqueda por autor e por título. Un alumno do grupo atopará as sinaturas para poder localizalos na biblioteca. Hai que responder á pregunta: Cantos exemplares de <i>Le Petit Prince</i> e en cantos idiomas hai na biblioteca?-Xa na biblioteca, outro dos membros do grupo deberá localizar un exemplar, en calquera idioma e levalo a unha das mesas centrais.-Cando teñan todos os exemplares sobre unha mesa, farase unha lectura continuada, en diferentes linguas, da primeira parte do libro.-Outro dos membros do grupo buscará nos ordenadores da	<p>Fomento da lectura</p> <p>Formación de usuarios</p> <p>Contribución ao desenvolvemento das competencias básicas</p>
----------------	---	--



	biblioteca outras versións non literarias (adaptacións escénicas, fílmicas, musicais,...) da obra.	
INGLÉS	<p>Como é de esperar no ensino dunha lingua, as actividades de lectura forman parte primordial do currículo. Unha das catro destrezas que deben acadar os alumnos é precisamente a de comprensión escrita. É pouco menos que impensable que en algunha das clases que se imparten ao longo do curso, os alumnos non sexan expostos dunha ou doutra maneira a textos escritos cuxos contidos deben descifrar e comprender.</p> <p>Aparte dos textos referidos no parágrafo anterior, este equipo de profesores considera moi necesario que os estudantes de inglés se familiaricen desde o inicio dos seus estudos de secundaria con lecturas máis amplas que os textos que aparecen nas diferentes unidades. Para elo o seminario conta cunha pequena biblioteca de lecturas graduadas con arredor de quince copias por cada título. Desta maneira evítase que os libros de lectura supoñan un gasto a maiores para as familias, xa que os alumnos poden usar os volumes en réxime de préstamo e levalos para as súas casas. Un aspecto importante que se ten en conta á hora de asignar un libro a cada alumno é a atención á diversidade. Así a asignación de lecturas non se fai en función do curso académico no que está o estudante, senón dependendo da súa capacidade e grado de desenvolvemento da destreza de comprensión escrita.</p> <p>Lecturas:</p> <p>Con respecto ás lecturas obrigatorias, debido á carga horaria da asignatura (3 h á semana) vese inviable facer lecturas obrigatorias durante o curso, porque o volume do currículo faíno imposible. Sen embargo, máis que a obriga, o departamento de inglés cre conveniente levar a cabo campañas de animación á lectura en colaboración co equipo a cargo da biblioteca. Para facer interesante esta actividade é importante que os títulos escollidos sexan o suficiente atractivos e suxerentes para os adolescentes.</p> <p>Pero na asignatura optativa de 1º Bacharelato “Obradoiro de destrezas en inglés” os alumnos poden facer ditas lecturas, xa que é unha asignatura optativa e a carga do currículo non é tan densa como nas asignaturas obrigatorias.</p> <p>Actividades a facer co alumnado durante a lectura dos libros e unha vez finalizada a mesma:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Búsqueda de información sobre os autores máis relevantes (William Shakespeare, Mark Twain...) e a súa época para unha mellor comprensión das obra. - Pequenas dramatizacións nas clases preparando un papel para cada alumno. - Conversacións sobre os libros nas clases que se adiquen a reforzar a expresión oral. Cremos que este tipo de actividade, na que os alumnos teñen a oportunidade de dar a súa opinión sobre o que len, ademais de oír as dos seus compañeiros, son altamente productivas xa que o feito de poñer en común as impresións sobre as lecturas dalle ao acto de ler unha dimensión máis aberta no senso de que se converte nunha experiencia compartida, o cal sempre resulta atractivo para os adolescentes. 	<p>Fomento da lectura</p> <p>Contribución ao desenvolvemento das competencias básicas</p>



	<p>-Debates en grupo. -Resolución de cuestionarios. -Resumo dalgunha parte do libro. Desta maneira a destreza de comprensión lectora non queda desligada das outras tres, xa que se conecta non só coa de expresión escrita senon tamén coas de comprensión e expresión falada (clases de conversación)</p>	
<p>LATÍN</p>	<p>CULTURA CLÁSICA 3º ESO</p> <p>OBXECTIVOS</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Dar a coñecer ao alumnado as diferentes fontes de información e favorecer e fomentar o seu uso. ▪ Proporcionar ao alumnado estratexias que lle permitan buscar, seleccionar e tratar a información e facela súa. ▪ Favorecer e potenciar a aprendizaxe autónoma. ▪ Favorecer e potenciar o uso da biblioteca escolar. ▪ Favorecer e potenciar o hábito de lectura. ▪ Animar a ler desde distintos medios. <p>ACTIVIDADES PROPOSTAS</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Traxo de investigación. A Cultura Clásica na Biblioteca Escolar. ▪ Lecturas complementarias. • Serie clásicos de Vicens-Vives • Teatro clásico • Fragmentos de distintos xéneros literarios <ul style="list-style-type: none"> ▪ De cine. O mundo clásico na visión cinematográfica. Como actividade complementaria ao tratamento dos distintos contidos incluídos na programación visionaranse fragmentos de varias películas: • A muller na antigüidade: <i>Ágora</i> • Ciclos lexendarios: <i>Furia de Titanes, Percy Jackson y el ladrón del rayo, Hércules</i> • Mitoloxía e literatura: <i>Troya</i> • Xogos e espectáculos: <i>Gladiator, Ben Hur,</i> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Proxecto interdisciplinar: (por definir). O departamento participará no proxecto interdisciplinar que propondrá a biblioteca do centro para o curso 2022-2023. <p>LATÍN 4º ESO</p> <p>1º TRIMESTRE: Personaxes da Historia de Roma. Cuestionario de busca de información. Exposición oral. 2º TRIMESTRE: A vida cotiá en Roma. Cuestionario de busca de información. Exposición oral. 3º TRIMESTRE: Mitoloxía e arte. Traxo de investigación. Exposición oral.</p> <p>- Lecturas complementarias de: *Fragmentos de distintos xéneros literarios.</p> <p>- Proxecto integrado: Mito, ciencia e humanidades. - De cine. O mundo clásico na visión cinematográfica. Como recurso complementario ao tratamento dos distintos contidos incluídos na programación visionaranse fragmentos de varias películas:</p>	<p>Traxo con proxectos</p> <p>Fomento da lectura</p> <p>Formación de usuarios</p> <p>Contribución ao desenvolvemento das competencias básicas</p>



	<ul style="list-style-type: none"> • A muller na antigüidade: Ágora • Ciclos lexendarios: Furia de Titanes, Percy Jackson y el ladrón del rayo, Hércules • Mitoloxía e literatura: Troya, ... <p>Proxecto interdisciplinar (<i>por definir</i>).</p> <p>LATÍN 1º BAC</p> <p><u>Lecturas complementarias/ Educación documental.</u> 1º TRIMESTRE: Marco xeográfico e mitoloxía. <i>A Eneida</i>. 2º TRIMESTRE: Lectura complementaria. A comedia. Plauto. <i>Anfitrióni Miles Gloriosus</i>. 3º TRIMESTRE: Mitoloxía. Ciclos míticos./ Mitos de transformación. Ao longo de todo o curso. Fragmentos de distintos xéneros literarios. <u>De cine.</u> O mundo clásico na visión cinematográfica. Como recurso complementario ao tratamento dos distintos contidos incluídos na programación visionaranse fragmentos de varias películas:</p> <ul style="list-style-type: none"> • A muller na antigüidade: Ágora. • Ciclos lexendarios: Furia de Titanes, Percy Jackson y el ladrón del rayo, Hércules. • Mitoloxía e literatura: Troya, ... • Xogos e espectáculos: Gladiator, Ben Hur, Alejandro Magno. <p>Proxecto interdisciplinar: (<i>por definir</i>).</p> <p>GREGO 1º BAC</p> <p><u>Educación documental.</u> 1º TRIMESTRE: Marco xeográfico e mitoloxía. Lugares e mitos. 2º TRIMESTRE: Ocio e diversión na Grecia Antiga. Os xogos olímpicos. Traballo de investigación e exposición oral voluntaria. 3º TRIMESTRE: Arte Grega. Traballo de investigación e exposición oral voluntaria. <u>Lecturas complementarias/ voluntarias</u> - Fragmentos de distintos xéneros literarios. - Teatro clásico. Traxedia, comedia. <u>De cine.</u> O mundo clásico na visión cinematográfica. Como recurso complementario ao tratamento dos distintos contidos incluídos na programación visionaranse fragmentos de varias películas:</p> <ul style="list-style-type: none"> • A muller na antigüidade: Ágora • Ciclos lexendarios: Furia de Titanes, Percy Jackson y el ladrón del rayo, Hércules • Mitoloxía e literatura: Troya • Xogos e espectáculos: Gladiator, Ben Hur, Alejandro Magno <p>LATÍN 2º BAC</p> <ul style="list-style-type: none"> • Lectura comprensiva de textos. • Comentario de textos. • Análise de materiais impresos e audiovisuais. • Redacción de textos. • Utilización da biblioteca como centro de recursos. Busca de información. • Presentación da información. • Programa de lecturas complementarias. <ul style="list-style-type: none"> ✚ Épica: Ovidio, Apolo e Dafne (Ovidio, <i>Metamorfosis</i>, I, 452-567) ✚ Píramo e Tisbe (Ovidio, <i>Metamorfosis</i>, IV, 55-166) 	<p>Fomento da lectura</p> <p>Educación documental</p>
--	---	---



	<p> Orfeo e Euridice (Ovidio, <i>Metamorfosis</i>, X, 1-71) Lírica: Catulo, Poemas de Catulo e Lesbica (Catulo, 51, 2, 86, 87, 109, 5, 7, 3, 85, 70, 8, 11) Historiografía: Livio A traxedia de Lucrecia (Tito Livio, <i>Historia de Roma desde su fundación</i>, I, 56,4-60) Oratoria: Tácito, Discursos de Calgaco e Agrícola (Tácito, <i>Agrícola</i>, 30-32 e 33-34); Contexto, discursos e batalla: capítulos 29-38. Fábula: Selección de fábulas de Fedro. Teatro: <i>Miles gloriosus</i> de Plauto. </p> <p>GREGO 2º BAC</p> <ul style="list-style-type: none"> • Lectura comprensiva de textos. • Comentario de textos. • Análise de materiais impresos e audiovisuais. • Redacción de textos. • Utilización da biblioteca como centro de recursos. Busca de información. • Presentación da información. • Programa de lecturas obrigatorias para Grego II. <ul style="list-style-type: none"> a) Homero, <i>Ilíada</i>, cantos I, VI, XVI, XXII b) Os fragmentos dos poetas líricos Safo, Alceo e Arquíloco; c) Sófocles, <i>Edipo Rei</i>; d) Aristófanes, <i>Asembleístas</i> 	
<p>LINGUA CASTELÁ E LITERATURA</p>	<p>Aportaremos toda a colaboración que sea requerida, a fin de impulsar no sólo el fomento de la lectura, sino también la formación de lectores críticos.</p> <p>Desde el departamento y con la finalidad de desarrollar de una manera fehaciente el proyecto lector, nuestra actividad irá encaminada a atender y fomentar tres frentes diferentes y cohesionados:</p> <p>Fomento de la lectura. Se llevará a cabo la realización del concurso lector en el primer ciclo de la ESO. Pero, sobre todo, trataremos de aprovechar los contenidos de nuestra materia a través de los textos literarios y de las obras de lectura, obligatorias o voluntarias, para que nuestro alumnado descubra la magia y el placer de la lectura y el inmenso mundo de posibilidades que esta puede ofrecerle. Por ello incluiremos textos y obras de distintos géneros literarios.</p> <p>Fomento de la escritura. El objetivo es lograr que el alumnado entienda la escritura como fuente de expresión de conocimiento y de enriquecimiento lingüístico y personal imprescindible en nuestra sociedad de la información. A lo largo del curso, en cada grupo y nivel, se profundizará en el dominio de la escritura, ortografía, gramática, léxico, estructuras y destrezas básicas (escribir, leer, escuchar) para que los alumnos sean competentes en la creación de textos propios. Para ello se plantearán actividades que desarrollen competencias encaminadas a conseguir una correcta escritura, eficaz y fluida. La escritura se ejercitará con diferentes tipos de textos (resumen, esquema, exposición, narración, diálogo, poema...), partiendo en un principio de la imitación de modelos para, con posterioridad, abordar la creación de textos propios. Además, desde este departamento se realizará el concurso de escritura creativa en la segunda etapa de la ESO y en 1º de Bachillerato, siempre que la situación sanitaria lo permita.</p> <p>El fomento de la competencia lecto-escritora pretende, en defi-</p>	<p>Formación de usuarios</p> <p>Educación documental</p> <p>Fomento da lectura</p> <p>Contribución ao desenvolvemento das competencias básicas</p>



	<p>nitiva, despertar en nuestro alumnado la sensibilidad, la imaginación y la creatividad, así como la facultad de razonar con capacidad crítica sobre el contenido, la forma y la calidad de los escritos.</p> <p>Fomento de la educación informacional (ALFIN). Tomaremos parte en aquellas actividades que, ya diseñadas, se pongan en marcha con el objetivo de formar al alumnado en la búsqueda de información en cualquier soporte y en su tratamiento, objetivos esenciales en el proceso de adquisición de competencias básicas en nuestro alumnado. Este proceso tiene tres partes o etapas: leer con actitud crítica, seleccionar lo relevante y producir el texto propio.</p> <p>El Departamento de <i>Lengua Castellana y Literatura</i> contribuye al <i>Plan Lector</i> del Centro específicamente a través de la inclusión de lecturas obligatorias en cada trimestre y en todos los niveles, como prescribe el <i>Decreto 89/2015</i> que regula las enseñanzas de educación secundaria y bachillerato en la Comunidad Autónoma de Galicia, así como desarrollando el Club de Lectura o cualquier otra propuesta impulsada por la biblioteca escolar o programada en el marco del Proyecto Lector, si la situación del presente curso lo permite. Con todo, tratamos siempre de inculcar al alumnado el gusto por aprender a través de la lectura, ya sea sugiriéndole la realización de lecturas voluntarias, ya sea facilitándole listas abiertas de lecturas recomendadas para diferentes edades y de temática diversa, fuera de programa, durante los períodos vacacionales.</p> <p>Como ya quedó expuesto en el apartado de Actividades Complementarias y Extraescolares, y si el desarrollo del presente curso escolar lo permite, este departamento convocará, con motivo de la celebración del Día del Libro, diversos concursos relacionados con nuestra disciplina: lectura y creación.</p>	
<p>LINGUA GALEGA E LITERATURA</p>	<p>De acordo co establecido no decreto 133/2007 do 5 de xullo levarase adiante un proxecto de fomento da lectura e da escritura e de adquisición das competencias básicas do que formará parte este Departamento didáctico. Dada a natureza das materias que impartimos estamos mergullados de cheo e de antemán nese proxecto, agora obrigatorio para todas as demais materias.</p> <p>20.1.- Utilización de textos de distinta tipoloxía e temática, especialmente tratamento de temas transversais: A lectura é unha tarefa diaria nas aulas de Lingua e Literatura. Cada día manexamos textos de diferente natureza e con diferentes obxectivos: xornalísticos, literarios (poesía, teatro, narrativa), mixtos (narrativa e imaxe: cómic), técnicos e especializados (sociolingüística, gramática, información literaria, históricos, filosóficos...) e tamén as novas tecnoloxías (imaxe, son, publicidade...).</p> <p>A través de todos os recursos mencionados tentamos exercitar as habilidades intelectuais e as competencias lingüísticas do noso alumnado.</p> <p>Aproveitamos para tratar temas de carácter transversal: desigualdade social, discriminación, acoso, diferenzas de xénero, diversidade intelectual, cultural e de mobilidade...</p> <p>20.2.- Utilización das actividades programadas polo centro para</p>	<p>Fomento da lectura</p> <p>Contribución ao desenvolvemento das competencias básicas</p>



	<p>traballar a creación: Utilizamos o Concurso Dores Gestoso para traballar na clase a creación literaria. En 3º de ESO, realízase un obradoiro poético en cooperativo relacionado coa Literatura medieval. 20.3.- De acordo co programado pola Biblioteca Escolar participamos no proxecto "Hora de Ler". 20.4.- Tratamento das lecturas propostas ao alumnado: - En 1º, 2º e 3º de ESO, propóñense un número mínimo de dúas lecturas por trimestre. Os criterios para a escolla das lecturas está recollido na programación do departamento para a súa consulta. A temática é variada e tamén o é o tipo de texto: poesía, narrativa, teatro, banda deseñada... O tratamento é diferente con cada obra. Vai desde a lectura para traballar a comprensión lectora, traballo en cooperativo, ilustración, recitado, creación, visionado de películas... - En 4º de ESO propónse ao alumnado unha listaxe de obras para escoller. - Proposta de lecturas voluntarias. Estas lecturas levan aparelhada nota extra. - Recitado de poemas e exposición oral en 4º de ESO - En 1º BACHARELATO propóñense dúas lecturas por trimestre - En 2º BACHARELATO propóñense tres lecturas por trimestre. 20.5.- Incentívase a participación no club de lectura tendo en conta a participación activa na avaliación final de curso. 20.6.- Escolla de lecturas a partir do proxecto interdisciplinar proposto pola Biblioteca este curso.</p> <p style="text-align: center;">LINGUA PORTUGUESA</p> <p>Para facilitar a consecución dos obxectivos que a <i>Lei Orgánica de Educación</i> e a Comunidade Autónoma de Galicia sinalan, os centros educativos deberán elaborar e incluír nos seus proxectos educativos de centro proxectos lectores que integren todas as actuacións do centro destinadas ao fomento da lectura. Na materia de portugués sempre dedicamos un tempo á lectura, dado que é unha parte importante da nosa materia. A través da lectura o alumnado practica a pronunciación, a boa entoación e a comprensión. Dependendo dos cursos os textos de lectura son mais complexos ou máis sinxelos, tal e como se especificou en apartados recollidos na programación. En todo caso, en cada curso aplicaranse as competencias lectoras seguindo a Orde do DOG 13 de xullo de 2007. Por outra parte, a Biblioteca do centro e as docentes responsables están pendentes de ampliar a oferta en portugués e contan coa nosa participación en todas as actividades dando visibilidade ao portugués como ao resto de oferta en linguas do centro. Non obstante, o Plan Lector do Departamento de LGal desenvólvese noutro apartado e a el súmase tamén, na medida do posible, a materia de portugués 2ª Lingua estranxeira.</p>	
	<p>Dacordo co establecido no decreto 133/2007 do 5 de xullo levarase adiante un proxecto de fomento da lectura e escritura e de adquisición das competencias básicas do que formarán parte todos os departamentos.</p>	



<p>MATEMÁTICAS</p>	<p>Desde o departamento de matemáticas pretendemos colaborar para que o alumno adquira certas competencias que consideramos básicas de cara á súa formación como cidadáns activos e solidarios. Entre esas competencias, podemos citar:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Competencia en comunicación lingüística. • Tratamento da información en calquera soporte (impreso ou electrónico). • Competencia cultural e artística. • Autonomía e iniciativa persoal. • Competencia para aprender a aprender. • Competencia no coñecemento e na interacción co mundo físico. • Competencia nos conceptos matemáticos. • Competencia na resolución de problemas. <p>Polo que se refire a un tratamento diario da lectura en cada unha das clases a asignatura está baseada, precisamente, nunha estratexia que parte dos textos, de diferente natureza e con diferentes obxectivos, para chegar ós contidos, polo tanto tódolos días se xoga coa información escrita mediante reflexións sobre conceptos e contidos matemáticos. Particularmente, o departamento colabora co tempo de lectura diario no primeiro ciclo da ESO colaborando coa iniciativa da nosa biblioteca.</p> <p>ACTIVIDADES PREVISTAS NO PROXECTO LECTOR DO CENTRO</p> <p>Os alumnos traballan día a día para mellorar a súa competencia lectora cos conceptos matemáticos e cos exercicios de enunciado que traballamos na clase. Debido a que todavía non sabemos se o funcionamento da Biblioteca será o habitual, como antes da pandemia, este curso non estableceremos as lecturas obrigatorias para 1º, 2º e 3º de E.S.O. pola incerteza de que sexa posible o préstamo de libros por parte da Biblioteca. Eso si, se os alumnos teñen interese pola lectura de libros relacionados coas matemáticas poderemos propoñerlles a súa lectura voluntaria e non avaliable.</p>	<p>Contribución ao desenvolvemento das competencias básicas</p> <p>Educación documental</p> <p>Fomento da lectura</p>
<p>MÚSICA</p>	<p>Desde as materias do departamento de Música contribuiremos ao Proxecto lector traballando o desenvolvemento tanto da expresión oral como a escrita, procurando que o alumnado empregue axeitadamente a linguaxe relativa a conceptos musicais con claridade e rigor. Ademais, trataremos de traballar co xornal na aula, buscando noticias relacionadas co ámbito musical, adicando un espazo na cortiza para colgar as distintas noticias clasificadas por temas.</p> <p>En todos os niveis realizaranse lecturas, extraídas de libros ou na web, sobre asuntos musicais, xa sexan sobre historia, crítica musical, organoloxía, evolución da linguaxe musical ou calquera outro asunto relacionado coa materia.</p>	<p>Fomento da lectura</p> <p>Lectura crítica</p>



<p>RELIXIÓN</p>	<p>-Lectura e escritura en todos os niveis educativos, por medio da realización de fichas didácticas, elaboradas polos profesores. Constan dun pequeno texto que os alumnos len na clase e logo respontan a unha serie de cuestións relacionadas co tema, como práctica lectora.</p> <p>-Lecturas propostas: <i>"Pequeñas historias bíblicas"</i> de José María Olaizábal, para o alumnado de 1º da ESO, xa que nos permite seleccionar relatos do A.T. para ler na clase e ademais están adaptados para neno/as da súa idade. <i>"El niño con el pijama de rayas"</i> de Boyne, J. para os cursos de 2º da ESO. Eliximos este libro porque consideramos que é fácil de ler e ademais porque se adapta ás características do alumnado da ESO. O propio departamento adquiriu un número axeitado de exemplares e deste xeito cada semana lemos un capítulo na clase e logo comentámolo entre todos. <i>"26 cuentos para pensar"</i> de Jorge Bucay para o alumnado de 3º e 4º da ESO. Trátase dun libro formado por 26 contos que, como o seu propio nome indica, nos serve para reflexionar sobre actitudes da vida cotiá. <i>"El caballero de la armadura oxidada"</i> de Robert Fisher para o alumnado de 1º de Bacharelato. Trátase dunha novela de autoaxuda escrita con un sutil sentido do humor.</p>	<p>Fomento da lectura</p>
<p>TECNOLOXÍA</p>	<p>1. COMO MEDIDAS DE FOMENTO DA LECTURA:</p> <p><u>Para traballar a competencia lectora:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> • En todas as unidades didácticas propostas realízase a lectura na aula por parte do alumnado da unidade didáctica e analízase se comprenden o significado do que len. • Nalgúns momentos puntuais, realízase a lectura dun recorte de prensa aportado polas profesoras, ou ben algunha actividade de busca de información (na prensa, revistas especializadas, na rede, etc) con respecto a un tema concreto proposto na aula. • Proporase recoller novas publicadas nun xornal calquera, relacionadas coa unidade a traballar na aula nese intre. • A biblioteca do centro conta con bibliografía de consulta das unidades traballadas na aula, así como doutros temas que poden ser moi interesantes para o alumnado, e dos cales se fai un comentario na aula. <p><u>Para traballar a expresión escrita:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> • Cando traballemos no taller, elaborárase unha memoria final do proxecto realizado, onde explicarán o que fixeron por pasos. Aquí poderemos avaliar se coñecen o vocabulario técnico e se se saben expresar correctamente. <p><u>Para traballar a alfabetización informacional:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> • Antes de empezar os proxectos do taller os alumnos empregan o ordenador e libros do departamento para realizar unha pequena investigación onde recopilan, analizan e 	<p>Fomento da lectura</p> <p>Educación documental</p>



	<p>seleccionan información relacionada coas distintas posibilidades de resolver os problemas propostos polas profesoras e así poder realizar o proxecto máis axeitado. Con esta información elaboran planos e fan unha listaxe de materiais e ferramentas máis adecuadas necesarias para os proxectos.</p> <p>2. LIBROS PROPOSTOS (DE LECTURA LÚDICA)</p> <p><u>El mundo de Max</u> Autor: Javier Fernández Panadero Sipnose: Este libro está escrito para adolescentes, curiosos de calquera idade. O adolescente descubre con Max as súas aventuras e descubre a través dos seus ollos que o mundo está cheo de marabillas. Aquí atópase explicacións a moitas cousas que suceden ao noso redor e ademais o adolescente poderá comprobala el mesmo con numerosos experimentos sobre a materia, a enerxía, a luz, a percepción, a electricidade, etc. que se propoñen en cada capítulo.</p> <p><u>Momentos estelares da ciencia</u> Autor: Isaac Asimov Sipnose: Algúns descubrimentos científicos constitúen auténticos fitos históricos, xa sexa pola extraordinaria utilidade das súas aplicacións prácticas, xa polas súas revolucionarias repercusións no pensamento teórico. Isaac Asimov rememora neste volume as figuras de trinta protagonistas destes momentos estelares da ciencia, como Newton, Lavoisier, Watt, Faraday, Henry, Edison, Harvey, Jenner, Pasteur, Ehrlich, Roentgen, Becquerel, Curie, Einstein, Rutherford e Lawrence, entre outros.</p> <p><u>Historias de los inventos. Relatos de tecnología</u> Autor: Miguel de Vicente Sipnose: o autor lévanos á orixe dos inventos, pero dunha maneira clara e sinxela a, a través das vidas dos seus inventores. Ao longo dos capítulos, estes cobran vida propia, e móstrannos as súas grandezas e as súas miserias, as súas excentricidades e as súas razóns, aparecendo, en fin, como persoas próximas, máis que como personaxes nun pedestal. Todo iso é contado a través de numerosas anécdotas; tendo como exemplos: a orixe do símbolo da pila ou por que o código Morse non leva o nome do seu inventor.</p> <p><u>Aprende electrónica e robótica educativa</u> Autor: Miguel Roberto Montero Sipnose: trátase dun libro máis práctico que teórico, con definicións de conceptos fundamentáis mediante experiencias prácticas e co obxectivo de ofrecer unha introdución cara ao pensamento computacional tan necesario na era dixital actual.</p> <p><u>El Bosón de Higgs no te va a hacer la cama</u> Autor: Javier Santaolalla Sipnose: viaxes no tempo, buratos negros, motores de antimateria, aceleración do universo... A física moderna soa a película, pero é ciencia, da de verdade, a que nos conta unha historia fascinante de descubrimentos e soños cumpridos, de loitas e deisputas, de pasión por comprender a natureza. Este divertido libro axudarache a entender dunha vez por todas o que nos rodea, desde o máis pequeno a o máis grande, e a saber que o bosón de Higgs non che vai a facer a cama, nin aínda que insistas!</p>	
<p>XEOGRAFÍA E HISTORIA</p>	<p><u>BASES TEÓRICAS.</u> A utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade, de construción e comunicación do coñecemento e de organización e autorregulación do pensamento, as emocións e a conduta inclúese como unha das competencias básicas no novo currículo da E.S.O.</p>	<p>Fomento da lectu- ra</p>



	<p>Tendo en conta estes plantexamentos o departamento de Xeografía e Historia ten previsto levar a cabo unha serie de actividades que fomenten a lectura e, sobre todo, a comprensión lectora e o disfrute da lectura na nosa materia.</p> <p><u>ACTIVIDADES.</u></p> <p><u>1º a 4º DA ESO</u></p> <p><i>Recomendaranse lecturas de temática histórica, artística ou xeográfica, axeitadas a cada un dos niveis da ESO.</i> As actividades non só se centrarán na lectura destas obras senón que conlevarán a elaboración dunha serie de actividades sobre o libro.</p> <p><u>En 1º ESO haberá unha serie de lecturas obrigatorias:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> - “Epi y Nea. El encuentro de dos mundos” (cómics de descarga gratuíta). - “Así vivieron en la antigua Roma”, editorial Anaya. <p><u>En 3º ESO haberá unha lectura obrigatoria:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> - “La vuelta al mundo de un forro polar”, pequena historia da gran globalización, do autor Wolfgang Korn. <p><u>BACHARELATO.</u></p> <p><i>Recomendaranse lecturas de temática histórica, artística ou xeográfica, axeitadas ao nivel de bacharelato.</i> As actividades non só se centrarán na lectura destas obras senón que conlevarán a elaboración dun vocabulario, dunha síntese cos rasgos máis salientables do argumento, a elaboración dun mural sobre o tema.</p> <p><u>OUTRAS ACTIVIDADES</u></p> <p>Ademais de fomentar a lectura e de aconsellar libros, nos que o argumento implique facerse preguntas sobre outros lugares, outras etapas da historia ou sobre persoaxes destacados, o departamento seguirá a traballar, como ata de agora, fomentado na aula a <i>lectura comprensiva</i>, a elaboración de esquemas, resumos, vocabulario, etc.</p> <p>En moitas das unidades podemos traballar con pequenos textos que se atopan ao final dos temas, e a través deles podemos levar a cabo periodicamente probas para coñecer o grado de comprensión do noso alumnado.</p> <p>Asemade elaboraremos <i>dossiers de prensa</i>. Tomando noticias de actualidade poderemos intentar que o alumnado profundice en temas como:</p> <ul style="list-style-type: none"> O cambio climático. O problema da auga no mundo e concretamente en España. A inmigración: problemas de inserción, laborais, etc. Os problemas da Unión Europea. A contaminación (do solo, das augas, da atmosfera). <p><u>AVALIACIÓN</u></p> <p>O plan lector contará con unha serie de actividades, deseñadas por curso, que se presentarán ao alumnado como un traballo obrigatorio ou optativo segundo o nivel e a carga de traballo. Desta maneira todo alumno que desexe subir nota deberá presentar un pequeno traballo sobre as lecturas recomendadas. Esta posibilidade, esperamos, leve aos rapaces a animarse a lectura sen que sexa forzada.</p> <p>O computo deste traballo sobre a nota global dependerá en cada nivel do profesor/a.</p>	<p>Contribución ao desenvolvemento das competencias básicas</p> <p>Lectura crítica</p>
--	---	--



CRITERIOS E PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN

Aplicaranse indicadores de avaliación para coñecer o grao de cumprimento dos obxectivos previstos e das liñas de actuacións deseñadas.

Terase en conta o documento "*Bibliotecas escolares ¿entre interrogantes? Ferramentas de autoavaliación*". FGSR-Ministerio de Educación, Cultura e Deporte (2012)

Na memoria final o equipo de biblioteca recollerá a súa valoración sobre o grao de cumprimento dos obxectivos propostos, empregando, na medida do posible, os procedementos de avaliación máis obxectivos entre o alumnado e o profesorado.



3.6. PROXECTO LECTOR. CLUB DE LECTURA

1.- Finalidades do Club de Lectura

Este curso imos continuar co Club de Lectura “Agra dos libros” iniciado hai dez anos no IES Agra de Leborís (A Laracha). O primeiro proxecto desenvolveu actividades relacionadas con dúas linguas (galego e castelán). Seguimos intentando crear un club nunha lingua estranxeira pero non foi posible este curso tampouco.

O proxecto para este curso enmárcase dentro da programación do Proxecto Lector e da programación da Biblioteca Escolar como actividade cos seguintes obxectivos:

- Fomentar a lectura fluída e autónoma, e facer da lectura fonte de pracer, de enriquecemento persoal e de coñecemento do mundo.
- Consolidar o hábito lector fornecendo modelos de produción literaria nas diferentes linguas (galego, castelán, portugués, inglés e francés), como exemplos de manifestacións culturais diferenciadas coa súa propia idiosincrasia.
- Utilizar as linguas oral e escrita para expresarse de forma coherente, para tomar conciencia dos propios sentimentos e ideas e para controlar a propia conduta.
- Utilizar a lingua oral adoptando unha actitude respectuosa e de cooperación.
- Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e a historia propia e allea, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que contribuíron e contribúen ó enriquecemento das diferentes culturas do mundo, valorando esa riqueza.
- Coñecer e valorar aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, artístico e histórico de Galicia, participar na súa conservación e mellorar e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ó exercicio dese dereito.
- Transformar as ideas en acción.
- Desenvolver habelencias sociais para relacionarse, para cooperar e para traballar en equipo, poñéndose no lugar do outro, valorando a súas ideas, desenvolvendo a empatía cos demais e aprendendo a dialogar e argumentar as ideas propias.



- Ser quen de imaxinar, emprender, desenvolver e avaliar accións con creatividade, confianza, responsabilidade e sentido crítico.

Este proxecto contribúe non só ó desenvolvemento da competencia comunicativa, senón tamén á autonomía e iniciativa persoal do alumnado e á convivencia entre adolescentes, porque esta actividade ofrece unha posibilidade de comunicación cos seus iguais, e a oportunidade de compartir gustos, inquedanzas, significados, opinións, emocións e descubrimentos.

Por outra banda, como a reflexión que implica a lectura ten que competir na sociedade do século XXI co dinamismo da imaxe para conquistar un espazo propio, non sempre resulta a priori atractiva para o alumnado. De aí que outra das finalidades que persegue este proxecto sexa favorecer a aproximación aos libros cun carácter lúdico, para crear hábitos lectores, para animar aos rapaces a compartir aqueles aspectos que lles resulten máis interesantes, para ir afondando na análise literaria, e para potenciar o descubrimento, emprego e disfrute posterior da Biblioteca Escolar, no paso da lectura pasiva á lectura activa.

2.- Actividades programadas e secuenciación

Os destinatarios do Club de Lectura este curso serán os alumnos e alumnas do IES, o profesorado interesado e o persoal non docente, co fin de crear un proxecto global no que poidan integrarse diferentes niveis de lectura e onde se fomente a convivencia entre distintos grupos de idade, enriquecendo as interpretacións persoais con puntos de vista máis heteroxéneo

O proxecto de Club de Lectura abranguerá este curso dúas linguas (galego e castelán), **priorizando a lectura en galego** e facendo una escolla de textos que sexan o máis interesantes e atractivos posible.

Neste momento temos deseñados **dous clubs de lecturas actuais**. As profesoras **Ana M^a Rodríguez Ríos** e **Ana Cordeiro Souto** coordinarán o club dirixido ao alumnado de 1^o e 2^o ESO mentres que a profesora **M^a Jesús Méndez Novoa** coordinará o club para 3^o, 4^o ESO, Bacharelato e adultos.



3.- Composición e número de participantes

O número aproximado de participantes nos clubs de lectura é, ata este momento, duns **48 alumnos /as (23** para o club de 1º ESO e 2º ESO **e ao redor de 25** para o de 3º/4º ESO, Bacharelato e adultos) e **6 profesores/as**.

Estase a facer a promoción axeitada para que participe máis alumnado e profesorado, así como persoal non docente. Procúrase que todos accedan á información mediante as titorías, a colaboración dos profesores de Lingua e Literatura. Tamén se habilitará un espazo para os clubs de lectura na Aula Virtual do centro para facilitar a comunicación entre os/as participantes.

4.- Formas de organización e funcionamento previsto

As coordinadoras, trala organización previa e a difusión da actividade entre o alumnado e os titores do nivel a finais de setembro, elaboraron as listas de participantes ao longo da primeira semana do mes de outubro. Convocáronse 2 reunións informativas os pasados 28 e 30 de setembro. Parte do alumnado interesado xa se apuntou eses días pero cabe a posibilidade de poderse anotarse durante o mes de outubro.

As reunións do club comezarán pois a mediados de NOVIEMBRE e rematarán a finais de MAIO, principios de XUÑO. Están baseadas no coloquio e posta en común de diferentes temas tratados nas lecturas (que están aínda sen concretar).

A asistencia asidua, o nivel de lectura, a capacidade crítica e creativa e a participación axeitada nas diferentes actividades serán tidas en conta polas coordinadoras/moderadoras, co obxecto de que estes aspectos poidan quedar reflectidos dalgunha maneira nas respectivas cualificacións sobre competencias básicas nas materias de Lingua e Literatura. Os membros do club participarán de xeito voluntario na elaboración do blog coas súas achegas e nos cursos habilitados na Aula Virtual. Estes espazos permitirán a comunicación entre os participantes en calquera momento e lugar. Este presente curso, temos previsto intercambiar libros con outros clubs de lectura.



5.- Horario e calendario das reunións presenciais

Inicialmente proporase unha reunión mensual, sendo flexibles sobre todo nos períodos de exames. Tamén se prevé realizar algunha actividade complementaria como os cine-forums, saídas e encontros con outros Clubs de Lectura, sempre e cando a situación o permita.

As reunións terán lugar, en principio, **os mércores no 1º recreo** para o club de 1º e 2º ESO e **os venres no 2º recreo** para o outro club. Ao tratarse de grupos bastante numerosos, non descartamos realizar 2 reunións seguidas no caso de ser necesario, co fin de facilitar a participación de todos e todas os/as participantes.

Este curso, crearanse 2 cursos de Clubs de Lectura na Aula Virtual do noso centro co fin de servir de canle de comunicación.

6.-Persoas responsables/Coordinadoras

As tarefas de organización recaen principalmente na responsable do Proxecto Lector Ana Mª Rodríguez Ríos, profesora de Lingua Francesa, para o club de 1º e 2º ESO e Mª Jesús Méndez Novoa, profesora de Latín e Grego, para o Club de 3º/4º ESO, Bacharelato e adultos. A profesora de Lingua e Literatura Galegas, Ana Cordeiro Souto colaborará tamén nos 2 clubs. Participarán tamén o profesor Carlos López Domínguez (Xeografía e Historia) e as profesoras Begoña Potente Valcarce, Silvia Lugilde Bermúdez, Mª Isabel Dobaño Torrón (Lingua e Literatura Castelás), María Garrote Recarey (Plástica) e María Olaya Fernández Rodríguez (depto de matemáticas) no club de 3º/4º ESO, Bacharelato e adultos.

Contaremos ademais coa colaboración da coordinadora da Biblioteca Escolar Sonia Gay Sánchez (profesora de Bioloxía e Xeoloxía) e o equipo da Biblioteca formado polas profesoras Mª Jesús Méndez, Sonia Gay, María Rei Vilas (profesora de Bioloxía e Xeoloxía), María Garrote Recarey, Silvia Lugilde Bermúdez e Ana Mª Rodríguez Ríos.

As tarefas a realizar son: seleccionar os títulos, organizar as sesións presenciais, conseguir exemplares suficientes dos títulos escollidos, dar publicidade a esta actividade en papel ou en soporte dixital, controlar os tempos e moderar os debates, fomentar a



actitude crítica dos participantes e avaliar a consecución dos obxectivos propostos no proxecto.

7.- Medios que se utilizarán para a difusión e funcionamento dos Clubs de Lectura

A biblioteca proporcionará soportes impresos e electrónicos para a comunicación relativa ao Club de Lectura. Os medios cos que contamos para a difusión desta actividade entre a comunidade escolar e o seu funcionamento son os seguintes:

- Información ao claustro.
- Información ao alumnado mediante carteis publicitarios nos taboleiros das aulas e na BE.
- Información directa aos alumnos a través das titorías e do profesorado de Linguas.
- Información a través do enlace á BE na páxina web do centro.
- Aula Virtual.
- Videoconferencias
- Correo electrónico.



3.7. PLAN ANUAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

1.- XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO

A diversidade é unha realidade social e a característica que máis enriquece os grupos sociais. Esta realidade se produce en cada centro educativo derivada da singularidade biolóxica, psicolóxica, social e cultural de cada alumna e cada alumno, da singularidade de cada familia e do profesorado e tamén das particularidades de cada centro e de cada comunidade educativa no seu conxunto.

A educación secundaria obrigatoria debe combinar o principio dunha educación común coa atención á diversidade do alumnado, o cal permite aos centros a adopción das medidas organizativas e curriculares que resulten máis adecuadas ás características do seu alumnado, de maneira flexible e en uso da súa autonomía pedagóxica.

Entendemos por atención á diversidade o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado. Ten un dobre carácter: preventivo e de atención ás características e necesidades observadas, buscando a mellor resposta educativa para cada alumno/a. A atención á diversidade debe ser un factor compensador das dificultades, entendendo o ensino como un servizo público integrador fundamental na sociedade.

A resposta educativa a esa diversidade debe concretarse en cada un dos proxectos educativos, en cada unha das ensinanzas, na coordinación docente, na persoalización da educación, nos recursos e medidas educativas, nos compromisos familiares e sociais e en todo o que contribúa ao máximo desenvolvemento persoal e social do alumnado e á súa preparación para convivir e participar, de forma autónoma, nunha sociedade democrática.

Os principios xerais de actuación marcados no artigo 4 do Decreto 229/11 que regula a atención á diversidade na nosa Comunidade Autónoma e na orde do 8 de setembro de 2021 que desenvolve o citado decreto:

- A atención á diversidade rexerese polos principios de normalización e inclusión; equidade, igualdade de oportunidades e non discriminación; flexibilidade e accesibilidade; interculturalidade e promoción da convivencia; autonomía dos centros e participación de toda a comunidade educativa.



- A atención á diversidade abrangue a totalidade do alumnado, quen deberá contar coas medidas e recursos educativos que respondan ás súas necesidades e características persoais.
- Nas decisións pedagóxicas, organizativas e de xestión dos centros educativos terase en conta a atención á diversidade.
- As accións preventivas e de atención temperá terán carácter prioritario nos centros docentes, coa implicación e a participación de toda a comunidade educativa.
- Na resposta educativa á diversidade darase prioridade as medidas de carácter ordinario e normalizador. As de carácter extraordinario só se levarán a cabo unha vez esgotadas as anteriores.
- A intervención educativa basearase nun enfoque multidisciplinar e de colaboración e coordinación entre os diferentes profesionais.
- As nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado recibirán, de forma individualizada, a necesaria información e asesoramento respecto das características e necesidades dos seus fillos/as, así como das medidas que se deberán adoptar para a súa atención.
- A formación, a innovación e a difusión de boas prácticas na atención á diversidade serán accións que se deberán promover para a mellora continuada da calidade educativa.

2. – IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES

É fundamental unha pronta e eficaz identificación das necesidades educativas dos alumnos e alumnas para poder dar unha resposta educativa consecuente con estas necesidades. O primeiro paso para a identificación de necesidades está na recollida de información previa ao comezo do alumnado na etapa de Secundaria. Esta recollida farase a través da comunicación do ED e DO de Secundaria cos XDO e titores de 6º dos centros de EP adscritos ao IES. O traspaso da información levarase a cabo nun período de tempo que posibilite o uso da información para a planificación de medidas de atención á diversidade (final do curso anterior).

Ademais dos informes proporcionados polos orientadores de Educación Primaria, e os expedientes académicos de final de Etapa, a información dos titores/as de cada grupo son tamén unha fonte de información para os titores de Secundaria. No **mes de MAIO** organízase unha reunión entre as titorías dos grupos de sexto de EP, os xefes dos departamentos de orientación e a XE/Dirección do IES.



Ademais destas dúas fontes de información contamos con un instrumento básico para a identificación das necesidades dos alumnos: a *avaliación inicial*, que constitúe un factor preventivo fundamental na atención á diversidade e será o punto de referencia para adoptar aquelas medidas de apoio e reforzo que se consideren oportunas e que se realiza durante as primeiras semanas do curso rematando coas sesións de avaliación inicial dos equipos docentes de cada grupo no mes de Outubro.

Valoración de alumnos e alumnas por parte do Departamento de Orientación

Cando calquera membro do equipo educativo detecte algunha necesidade educativa na aula que dificulte o proceso de aprendizaxe poñerá en coñecemento do Departamento de Orientación. A Xefa do Departamento realizará unha avaliación psicopedagóxica e elaborará un informe psicopedagóxico cando a situación o requira; nel recolleranse as conclusións da avaliación psicopedagóxica así coma a determinación das axudas precisas, se é o caso. Nesta avaliación psicopedagóxica participarán tamén o profesorado do alumno, así como o titor/a e o profesorado de apoio que aportarán información sobre competencia curricular, estilos de aprendizaxe, comportamento e actitude na aula, as dificultades que presenta o alumno/a en cada materia.... Os criterios de prioridade para a valoración do alumnado estarán, en primeiro lugar, en función do curso/nivel dando prioridade aos cursos máis baixos. En todo caso terán prioridade as avaliacións prescriptivas para incorporacións a MAD extraordinarias.

3.- OBXECTIVOS DO PLAN

- Diseñar e desenvolver accións preventivas e de detección temperá.
- Establecer os mecanismos, actuacións e medidas para garantir un tratamento educativo personalizado e individualizado, adaptando o proceso educativo ás características e necesidades de cada alumno/a.
- Ofrecer criterios eficaces para a organización das medidas de atención á diversidade e para a incorporación do alumnado nas mesmas.
- Ofrecer pautas para optimizar a organización dos recursos cos que conta o centro para atender á diversidade.
- Fixar responsables e pautas para realizar un seguimento e avaliación do funcionamento das diferentes medidas de atención á diversidade de cara a introducir as melloras que sexan necesarias.



- Establecer canles de coordinación da intervención dos diferentes profesionais docentes e non docentes que atenden ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- Programar actuacións de cara a fomentar o respecto e o valor positivo da diversidade.

4.- MEDIDAS E RECURSOS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE. CRITERIOS PARA A SÚA ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN

4.1. Medidas preventivas:

4.1.1. Programa de transición da Educación Primaria á ESO

Continuarase co programa de transición da EP a Secundaria elaborado polos Departamentos de Orientación de Educación Primaria e consensado co noso Departamento.

4.1.2. Programa de acollida.

- a) Xornadas de acollida para os alumnos e alumnas procedentes de EP : No mes de xuño o alumnado de E.P dos centros adscritos realiza unha visita guiada polo centro na que un grupo de alumnos voluntarios de ESO amósanlles as instalacións e servizos do Instituto.
- b) Xornada de acollida aos pais e nais dos novos alumnos e alumnas na que se presenta o equipo directivo e amosa as instalacións e servizos do centro as familias.
- c) Reunión de acollida aos pais e nais en que se presenta o titor ou titora no mes de outubro.
- d) Benvida ao novo alumnado nas primeiras sesións de tutoría mes de setembro.

4.2. Medidas ordinarias:

4.2.1. Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos), e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.

Para a elaboración, organización e distribución dos grupos de 1º ESO levase a cabo unha análise de toda a información recollida no proceso de coordinación cos centros de Ed. Primaria. Tanto no 1º curso coma nos outros atendese ao criterio fundamental de escola inclusiva que trata de responder ás necesidades de todo o alumnado. Para determinar a composición mais axeitada dos grupos dos diferentes niveis pártese das características e necesidades dos alumnos seguindo criterios de paridade (intentando equilibrar na medida do posible o numero de nenos e nenas por aula) e criterios para compensar os grupos no referente á diversidade do alumnado en cada grupo.



4.2.2. Avaliación inicial. Esta é unha das medidas ordinarias que nos permiten detectar as necesidades e establecer as primeiras MAD.

Os titores e titoras recompilan información sobre as necesidades académicas de cada alumno/a e aqueles aspectos persoais que poden incidir no seu rendemento académico. Por outra parte faise unha valoración inicial das competencias en cada materia. A partir da avaliación inicial e xunto co resto da información aportada polo departamento de orientación, establécense os reforzos e apoios educativos, e as adaptacións curriculares que debemos realizar posteriormente así como a adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado por parte de cada departamento. Todos os Departamentos adecuarán as programacións didácticas ás características e necesidades específicas do alumnado da ESO.

4.2.3. Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo e cooperativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos, etc. que son levadas a cabo polo equipo de profesores e asesoradas polo Departamento de Orientación. O proceso de formación de tres cursos no que participou unha porcentaxe do Claustro permite incorporar o traballo cooperativo dentro de varios grupos e conectar os distintos departamentos na organización de diferentes actividades. profesores/as. Utilízanse as estratexias do TRABALLO COOPERATIVO xa que parte do profesorado recibiu unha formación específica a través dun PFPP. O traballo interdisciplinar dos departamentos a través da participación nalgún PLAN PROXECTA permite traballar temas transversais dende diferentes materias, isto repercute na integración daqueles rapaces e rapazas con maiores necesidades educativas que poden participar nestas actividades.

4.2.4. Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación ás necesidades do alumnado, especialmente aquel con necesidades específicas de apoio educativo como os que teñen Adaptacións Curriculares Significativas ou alumnado con TDAH, alumnado con TEL, TEA-Asperger, TND, dislexia, altas capacidades, etc. Toda esta diversidade está presentes nas nosas clases e necesitan estas adaptacións para acadar un óptimo rendemento académico.

4.2.5. A aula de atención educativa e convivencia é un espazo destinado á reflexión e realización de tarefas cando o alumnado é apartado temporalmente da aula. Este recurso é moi utilizado e necesario no noso centro xa que temos alumnado con trastornos graves de conduta. Mais moitos alumnos/as sen ningún trastorno, necesitan reflexionar sobre a súa conduta en esta etapa da súa vida de cara a conseguir un progreso no desenvolvemento moral e na



competencia social e emocional. Esta aula pode utilizarse tamén como aula de traballo individualizado (ATI) resultando máis efectiva e pedagóxica que a perda temporal do dereito de asistir ao centro xa que o alumno permanece no centro traballando nas diferentes materias e cun profesor que atende a aula nese momento. Temos un profesor/a de garda neste espazo case a totalidade do horario lectivo para unha mellor atención ao alumnado derivado a esta aula tanto.

4.2.6. Desdobramentos de grupos que se veñen realizando en algunhas materias.

4.2.7. Reforzo educativo e apoio de profesorado con dispoñibilidade horaria. O reforzo educativo será impartido polo profesor de área na que o alumno ou alumna teña dificultades. O curso pasado elaborouse un documento a cumprimentar polo docente que fai o reforzo para recoller por escrito as medidas adoptadas a estes alumnos/as. Non hai dispoñibilidade horaria para apoiar na aula.

4.2.8. Programas de recuperación de pendentes de cara a superar as dificultades do alumnado nas diferentes materias. Os departamentos organizan as medidas e actividades para facilitar a superación das materias pendentes e acadar os mínimos que se especifican nas programacións de todos os Departamentos Didácticos.

4.2.9. Exención da 2ª Lingua estranxeira. Programa de Reforzo das materias instrumentais básicas nas áreas instrumentais para aquel alumnado de 1º e 2º da ESO que teñen dificultades nas Linguas e/ou Matemáticas. Este alumnado queda exento de Francés ou Portugués e nesas dúas sesións semanais recibe reforzo nas áreas instrumentais básicas. Có alumnado que se incorpora á ESO hai unha primeira proposta dos titores e dos orientadores de EP. No mes de outono na Xunta de Avaliación Inicial tamén poderán propoñerse para reforzo e apoio a aqueles alumnos e alumnas que se considere oportuno. O alumnado que repita 1º de ESO e os que promocionen a 2º con dificultades nas materias instrumentais ou teñan materias instrumentais pendentes, tamén poderán ser incluídos neste programa de reforzo das materias instrumentais. Os Criterios para incluír ao alumnado no programa de reforzo nas áreas instrumentais básicas son:

- Alumnado con promoción a secundaria coas materias de lingua castelá e lingua galega sen superar.
- Alumnado con promoción a secundaria cunha das linguas (galega ou castelá) sen superar e informe favorable a proposta de exención da titoría anterior.



- Alumnado que tivo no terceiro ciclo de EP unha ACS nas áreas de lingua galega e/ou castelá e literatura.
- Alumnado repetidor que xa estaba incluído no curso anterior no programa de reforzo.
- Alumnado con promoción a segundo que ten pendentes unha ou dúas das materias de lingua galega ou castelá e literatura e dificultades na competencia básica de comunicación.
- Alumnado con apoio continuado en lingua do profesor especialista en PT durante a EP.
- Alumnado con NEE, NEAE ou trastorno específico da lectoescritura.
- Calquera alumno/a proposto na sesión de avaliación inicial polo equipo docente.
- En todo caso, aínda para o alumnado que cumpra algún/s criterio/s dos mencionados, farase unha valoración individual sobre a pertinencia de aplicar esta medida, tendo en conta a información relevante procedente de primaria e/ou de cursos anteriores, así como a posibilidade de aplicar outras medidas mais ordinarias en primeiro lugar.

4.2.10. Actividades escolares e extraescolares. Dende a biblioteca, o equipo de orientación e o equipo de actividades extraescolares estanse ofrecendo espazos alternativos a todo o alumnado e en especial ao alumnado con necesidades educativas específicas ou alumnado con máis dificultades de integración. Estes espazos están servindo como impulsores para todos eles. Este curso estase ofertando: bibliotecarios escolares, deportes no pavillón, concursos literarios e artísticos, club de lectura, radio escolar, intercambios, excursións didácticas, etc.

4.3. Medidas extraordinarias:

4.3.1. Adaptacións curriculares (AC): Están dirixidas aos alumnos e alumnas que por razóns educativas, sociais, culturais ou déficit de calquera tipo ou por posuír cualidades excepcionais, non poidan seguir o currículo que lles corresponde unha vez esgotadas outras medidas ordinarias de intervención e precisen unha adaptación significativa nos contidos, obxectivos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe. A elaboración e desenvolvemento da ACS será responsabilidade do profesor ou profesora que imparte a área ao alumno ou alumna coa colaboración do Departamento Didáctico e o asesoramento do Departamento de Orientación . Na avaliación inicial se recollerán os datos relevantes do alumno ou alumna aportados polo equipo educativo responsable e se decidirá a pertinencia da adaptación curricular e as materias a adaptar. O titor informará ás familias destas decisións. A



avaliación da ACS terá unha temporalización trimestral, e farase de xeito coordinado coa profesora de PT nas reunións de avaliación. Criterios para elaborar unha adaptación curricular significativa:

- Alumnado que presente un gran desfase curricular (dous ou máis cursos), NEAE e/ou NEE que fagan necesario modificar, aumentar ou eliminar algún dos elementos prescriptivos do currículo: obxectivos, contidos e criterios de avaliación.
- Alumnado ao que se aplicaron as MAD mais ordinarias e resultaron insuficientes para dar resposta as súas características e necesidades educativas, sendo necesario modificar elementos prescriptivos do currículo para adaptarnos ao seu nivel de competencia curricular.

4.3.2. Apoio educativo: Está destinado a aqueles alumnos que ao longo da súa escolaridade presenten dificultades de aprendizaxe e precisen unha atención individualizada dentro e/ou fóra da aula. O apoio educativo pode ser impartido pola profesorado especialista en pedagogía terapéutica. No caso dos alumnos que chegan procedentes de EP, as orientadoras dos centros adscritos informan sobre os alumnos que estaban recibindo apoio en Primaria e achegan os informes oportunos. A partir desta información e das necesidades detectadas polo equipo de profesores e o departamento de orientación, na xunta de avaliación inicial determínase o alumnado que recibirá apoio, e todos aqueles alumnos e alumnas que sexan detectados con posterioridade a dita xunta serán valorados polo Departamento de Orientación. As familias serán informadas destas decisións a través do titor/a. A avaliación trimestral destes alumnos é responsabilidade do profesor de área quen terá en conta a opinión do profesorado que imparte o apoio. O profesorado especialista en PT elaborará un informe individualizado do alumnado que atende na aula de PT referido ao traballo na súa aula o cal planificarase sempre en coordinación co profesor/a da materia. Os criterios para a decisión sobre o apoio do especialista en pedagogía terapéutica son:

- Alumnado con NEE, ACS ou NEAE.
- Alumnado que necesite unha atención especializada por presentar trastornos específicos da lectoescritura, da linguaxe e/ou na competencia básica matemática.
- Alumnado con incorporación tardía ao sistema educativo galego con descoñecemento dalgunha das linguas oficiais con ou sen desfase curricular e sempre que se considere



necesaria esta medida despois ou simultaneamente a aplicación doutras medidas de atención á diversidade.

- Calquera outro alumnado para o cal, atendendo as súas características e necesidades educativas, se considere necesaria esta medida atendendo ao expresado polo equipo docente e co asesoramento do departamento de orientación para o mellor desenvolvemento social, persoal e académico do alumno/a.

Finalmente, os criterios para a organización do apoio do alumnado atendido polo profesor especialista en pedagogía terapéutica:

- Na organización do horario de apoio participarán, ademais das persoas indicadas na lexislación (orientadora, profesor de PT e titor/a do alumno/a), a xefatura de estudos e/ou Dirección.
- De xeito provisional, ao comezo de curso iniciarase o apoio co alumnado que continúe con esta medida segundo o decidido o curso anterior. O horario definitivo dos especialistas en PT establecerase unha vez decididas as novas incorporacións e sempre tendo en conta a opinión do profesorado de área.
- A organización e o horario de atención na aula de apoio é flexible durante o curso polo cal poderá modificarse tanto o horario de atención de cada alumno/a como o alumnado atendido na aula sempre tendo en conta as necesidades detectadas ao longo do curso, o aproveitamento, e as prioridades que debamos ter en conta. As decisións tomaranse de forma conxunta entre o departamento de orientación, dirección, xefatura de estudos, titorías e, contando coa opinión do profesorado de área.
- Limitarase o número máximo de alumnos/as que poden coincidir á mesma hora na aula de apoio tendo en conta as súas características e cara a conseguir unha necesaria atención individualizada.
- Procurarase que o apoio coincida, no horario, coas materias nas que imos a apoiar ao alumno/a. De xeito excepcional, poderase apoiar noutro horario non coincidente có da materia.
- A organización da aula de apoio e dos contidos tratados na mesma é responsabilidade do profesor especialista en pedagogía terapéutica o cal actuará en *coordinación* co profesorado de área.



- De forma prioritaria atenderase ao apoio nas materias instrumentais, con prioridade da lingua, dada a súa importancia e contribución/influencia no rendemento que se acadará en moitas materias. Poderase apoiar noutras materias no referente ás técnicas básicas de estudo cara a desenvolver as competencias básicas de aprender a aprender e autonomía e iniciativa persoal.
- É prioritario optimizar os recursos e polo tanto debemos insistir en ofrecer a medida e acadar un bo aproveitamento por parte do alumnado.
- É conveniente que o alumnado que asista a aula de apoio poida realizar actividades co grupo atendendo ao principio de normalización.
- Durante o curso e ao remate do mesmo realizarase un seguimento e unha exhaustiva avaliación do proceso desenvolvido na aula de apoio no referente tanto á organización como á necesaria coordinación entre o profesorado implicado cara a establecer propostas de mellora.

4.3.4. Atención domiciliaria: Neste curso escolar, non se solicitou a atención domiciliaria pola melloría da situación sanitaria e a recomendación dos médicos da incorporación do alumnado ao ensino presencial.

5.- ACTUACIÓNS DOS DISTINTOS PROFESIONAIS

A atención á diversidade debe ser obxectivo de todos os axentes educativos do centro, polo que todos estamos implicados nesta labor: O Equipo Directivo, os/as titores/as, o equipo de profesores, os profesores de Pedagogía Terapéutica, a orientadora, e a Comisión de Coordinación Pedagóxica .

- O Equipo Directivo valorará as necesidades educativas a nivel global do centro, detectará as necesidades de recursos persoais e materias e velará polo cumprimento do Plan e da súa avaliación.
- A Comisión de Coordinación Pedagóxica revisará o plan e valorará a súa execución.
- As titoras e titores detectarán as necesidades existentes no alumnado e velarán pola atención personalizada e individualizada deste, así coma do seguimento do grupo e a coordinación de todos os docentes que interveñan na actividade pedagóxica, así coma coas familias do seu grupo de alumnos, informándoas da evolución dos seus fillos .



- O equipo de profesorado colaborará na detección das necesidades dos alumnos e na súa atención.
- O Departamento de Orientación participará na detección das necesidades educativas, no establecemento de criterios referentes á inclusión nas diferentes MAD, na organización das medidas así coma na súa valoración, facendo sempre propostas de mellora. Colaborará así mesmo en todas aquelas tarefas de atención á diversidade que o profesorado precise, cumprindo a función de *asesoramento* á comunidade educativa e apoiando especialmente aos titores na súa acción tutorial.

6.- MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS OU CON OUTRAS ETAPAS EDUCATIVAS EXTERNAS AO CENTRO

Para poder dar unha resposta axeitada á diversidade do alumnado é imprescindible a coordinación de todos os axentes educativos. Esta coordinación, no caso de alumnado con NEAE levarase a cabo a través dos titores/as e do Departamento de Orientación.

En canto á coordinación cos centros adscritos de Educación Primaria, manterase unha colaboración continua a través de reunións trimestrais co Departamento de Orientación do CEIP Otero Pedraio de A Laracha e o Departamento de Orientación do CEIP Alfredo Brañas de Paioasaco para tratar aqueles temas que sexan de interese para a mellora e consecución de todos os obxectivos perseguidos neste plan.

Esta colaboración reflectirase no transvase de información e documentación referida a informes de fin de ciclo e/ou etapa, tanto do profesorado titor coma dos Xefes do Departamento de Orientación. Para isto terá lugar unha reunión entre ambos Departamentos a finais de cada curso na que se aportará dita información por escrito.

7.- CANLES DE COMUNICACIÓN COAS FAMILIAS E OS SERVIZOS EXTERNOS AO CENTRO

É indispensable a colaboración dos pais e nais ou titores e titoras legais co centro educativo para compartir a tarefa educativa, polo que os centros deben promover a implicación das familias en todas as decisión que afecten á escolarización e aos procesos educativos do alumnado, especialmente nos ámbitos referidos a mellora da autonomía, esforzo, autoestima, participación e convivencia.

As estratexias utilizadas para esta comunicación son:



- a) A tutoría, a través da que os tutores manteñen informadas ás familias da evolución académica dos seus titorandos e solicitan a súa colaboración e participación en todo o proceso educativo dos seus fillos.
- b) A reunión grupal para todos os pais e nais no mes de Outubro.
- c) xornada de Portas Abertas para familias do novo alumnado en Xuño.

A Xefa do Departamento de Orientación tamén participará nas reunións individualizadas coas familias no caso de alumnado con NEAE e no caso de dificultades no ámbito da convivencia e/ou rendemento académico, sempre que sexa necesario e/ou o titor o solicite.

Será igualmente importante a colaboración coas entidades locais, especialmente con asuntos sociais, xa que a súa labor pode axudar e apoiar os obxectivos educativos do centro a través da súa participación nas dinámicas familiares e os seus contactos con outros axentes sociais coma os profesionais da saúde, etc.

8.- PROCESOS DE SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN

A avaliación efectuarase a dous niveis:

1.- Sobre os resultados obtidos polo alumnado afectado polo plan.

Levarase a cabo unha avaliación continua da consecución dos obxectivos propostos nas distintas medidas de atención á diversidade, introducíndose as medidas de mellora oportunas. A avaliación será realizada polo profesorado implicado, nas sesións de coordinación e avaliación marcadas na PXA.

2.- Co respecto ao plan propiamente dito.

Se realizará unha avaliación anual, preferentemente ao remate de cada curso co fin de analizar a adecuación do mesmo á realidade do centro e deseñar as modificacións pertinentes en canto a alumnado, recursos, materiais, etc.

Todo o proceso de avaliación será coordinado pola Xefatura de Estudos e o Departamento de Orientación coa participación de todos os axentes participantes, polo que a avaliación do plan estará en función da avaliación de cada unha das medidas de atención á diversidade postas en marcha.



DATOS SOBRE ALUMNADO QUE RECIBE MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

MAD	1º ESO	2º ESO	3º ESO	4º ESO	Bacharelato
Reforzo educativo <small>(A nivel de aula polo profesorado en distintas materias)</small>	20	19	25	12	
Reforzo instrumentais básicas <small>(Por Exención da 2ª Lingua Estranxeira)</small>	25	21	-	-	
Apoios PT	5	3	0	0	
Adaptación Curricular	8	3	0	0	
Flexibilización do Bacharelato <small>(Art. 59 Orde 8-09-21)</small>					1 caso proposto (disconformidade da familia)
Atención Domiciliaria	0	0	0	0	
Permanencia dun ano máis <small>(repetidores)</small>	2	1	6	3	1 de 1º Bacharelato 5 de 2º Bacharato



3.8. PLAN DE IGUALDADE ENTRE HOME E MULLERES

O plan de igualdade entre homes e mulleres foi elaborado durante o curso 2019-2020, e presentado ao claustro e ao consello escolar para a súa aprobación.

A responsable do desenvolvemento do plan de igualdade, membro do consello escolar, incluírá actividades específicas relacionadas con estes contidos.

O Departamento de Educación Plástica, Visual e Audiovisual volve a asumir neste curso a materia optativa de “igualdade de xénero” en 2º da ESO.

No curso escolar actual, preténdese retomar todas as propostas do plan de igualdade a nivel xeral e dende os distintos departamentos.

Acceso ao documento completo en: Páxina web do centro no apartado de documentos.

Aprobado polo Consello Escolar con data 14 de outubro de 2022